PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000200 - Peiteado e cosmética capilar	CM

Módulo
MP0849 - Análise capilar (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
4	107	50	128	128	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Rodríguez Lahoz, Maria Inmaculada

Contido

	Páxina
1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas	3
2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	3
3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.	9
5.1. Procedemento de avaliación inicial.	18
6.1. Criterios de cualificación e recuperación	18
6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	20
7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	21
8.1. Programación da educación en valores.	21
9.1. Actividades complementarias e extraescolares.	22
10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	22
11.1. Outros apartados.	22

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Segundo indica o Decreto 231/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en peiteado e cosmética capilar, e máis concretamente no Artigo 7. Contorno profesional:
As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade en empresas de imaxe persoal dedicadas aos procesos de peiteado de uso social, onde desenvolverán tarefas de prestación de servizos, comercialización, aprovisionamento, calidade, protección fronte a riscos e control de efluentes e residuos. Adoitan actuar por conta allea, integrándose en equipos de traballo con persoas cun nivel de cualificación igual, inferior ou superior.
Por outro lado, este módulo dá a formación necesaria para realizar a análise do cabelo e do coiro cabeludo e a elaboración e aplicación de protocolos para o seu coidado e mantemento.
Os contidos desenvolven aspectos relacionados con:
- Caracterización dos tipos de pel e cabelo.
- Establecemento de protocolos dos coidados e tratamentos capilares integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.
- Selección e preparación dos materiais, utensilios e dos cosméticos para os coidados e tratamentos capilares.
- Identificación das medidas de seguridade e hixiene.
- Pautas de asesoramento para o coidado do cabelo e pautas de avaliación da calidade nos procesos de coidado capilares estéticos.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Estrutura e funcións do órgano cutáneo		30	40
2	Alteracións do órgano cutáneo		15	20
3	A área de análise capilar. Técnicas e equipamentos de análise capilar		40	48
4	Procedementos e técnicas de aplicación de coidados capilares		15	20

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Estrutura e funcións do órgano cutáneo	40

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.		
CA1.1 - Identificáronse as características e elementos que compoñen o relevo cutáneo	PE	20
CA1.2 - Caracterizouse a estrutura da pel e as súas glándulas	PE	20

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.3 - Especificáronse os tipos de pelo, e establecéronse as súas características e os criterios de clasificación	PE	20
CA1.4 - Xustificouse o carácter cíclico do crecemento piloso	PE	20
CA1.5 - Recoñecéronse as características e os compoñentes do cabelo	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Caracterización do órgano cutáneo
Estrutura e funcións do órgano cutáneo: Estrutura macroscópica e microscópica da pel: epiderme, derme e tecido celular subcutáneo. Vascularización e inervación. Anexos cutáneos: glándulas e anexos córneos. Funcións da pel e anexos.
Pelo: estrutura e funcións; composición química; propiedades físicas e químicas. Ciclo piloso.

UD	Título da UD	Duración
2	Alteracións do órgano cutáneo	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.		
CA1.6 - Relacionouse o estado do cabelo coa irrigación sanguínea	PE	20
CA1.7 - Relacionáronse as características dunha pel normal coas súas posibles variacións e a súa repercusión capilar	PE	20
CA1.8 - Caracterizáronse as alteracións do cabelo e a súa importancia no ámbito do peiteado	PE	20
CA1.9 - Especificáronse os efectos do sol na pel e no cabelo	PE	20
CA1.10 - Recoñecéronse as alteracións específicas de mans, pés e uñas	PE	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Caracterización do órgano cutáneo

Contidos
Variacións nos parámetros dunha pel normal: concepto de alteración, tipos e características básicas.
Alteracións do cabelo e do coiro cabeludo: clasificación e características. Alteracións estruturais. Alteracións cromáticas. Alteracións do coiro cabeludo: seborrea, descamación e pitiriase. Pel e cabelo baixo a influencia da radiación solar.
Alteracións específicas de mans, pés e uñas.

UD	Título da UD	Duración
3	A área de análise capilar. Técnicas e equipamentos de análise capilar	48

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Prepara a área de traballo e os equipamentos de análise e coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.		
CA2.1 - Identificáronse os aparellos e os equipamentos usados na análise capilar.	TO	5
CA2.3 - Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.		
CA2.3.1 - Relacionouse o fundamento científico dos equipamentos de análise capilar, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.	PE	5
CA2.4 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.		
CA2.4.1 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento dos equipamentos de análise capilar	TO	5
CA2.5 - Interpretáronse os datos obtidos cos equipamentos de análise capilar.	TO	5
CA2.6 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela.		
CA2.6.1 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela a hora de empregar os equipamentos de análise capilar	TO	5
RA3 - Realiza a análise da pel e os seus anexos, describindo e aplicando as técnicas de observación e análise do cabelo e do coiro cabeludo.		
CA3.1 - Caracterizáronse as fases do protocolo de análise.	PE	5
CA3.2 - Identificáronse os datos que permiten obter información útil para a análise capilar.	PE	5
CA3.3 - Elaborouse a documentación necesaria para o rexistro da información.	PE	5
CA3.4 - Manexáronse a lupa, a luz de Wood e outros métodos de análise complementarios para a observación do estado do cabelo e o coiro cabeludo.	TO	5

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.5 - Aplicáronse métodos de exploración do cabelo.	TO	5
CA3.6 - Comprobouse a posible existencia de alteracións.	TO	5
CA3.7 - Realizouse a recollida de información na ficha técnica ou no expediente da clientela.	TO	5
CA3.8 - Indicouse cando, como e por que se debe derivar a persoa usuaria cara a superiores ou diferentes profesionais.	PE	5
RA6 - Cumpre as normas de deontoloxía profesional e valora a súa repercusión no desenvolvemento da profesión.		
CA6.1 - Estableceuse o concepto de deontoloxía profesional.	PE	5
CA6.2 - Valorouse a aplicación de normas deontolóxicas no desenvolvemento profesional.	TO	5
CA6.3 - Determináronse os deberes e as obrigas do persoal profesional.	PE	5
CA6.4 - Valorouse a importancia e a repercusión do traballo honesto.	TO	5
CA6.5 - Xustificouse a necesidade do segredo profesional na profesión.	PE	5
CA6.6 - Traballouse con criterios de respecto pola diferenza.	TO	5
CA6.7 - Valorouse a repercusión da lei de protección de datos no exercicio profesional do peiteado.	PE	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares
Área de análise capilar: espazos, equipamento e ambiente.
Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.
Importancia do traballo en equipo.
Recepción e atención á clientela para o proceso de análise capilar. Normas para a primeira cita.
Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Seguridade e hixiene na análise capilar. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

Contidos
Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante a análise capilar. Hixiene postural e ergonomía.
Equipamentos empregados na análise estética capilar: tipos e clasificación.
Descrición, bases científicas e interpretación de resultados obtidos.
Pautas de aplicación e precaucións na súa aplicación: indicacións e contraindicacións.
BC3 - Realización da análise da pel e anexos
Fases do protocolo de análise: acomodación, entrevista, exame visual e exploración.
Elaboración da documentación: ficha de análise capilar.
Técnicas de detección de necesidades e recollida de datos.
Técnicas de observación e exploración.
Estudo da información. Diagnóstico e proposta de coidados capilares. Informe a superiores.
Derivación cara a superiores ou diferentes profesionais.
BC5 - Aplicación de coidados do cabelo
Concepto de deontoloxía.
Deberes, dereitos e obrigas do/da profesional.
Lei de protección de datos na profesión de peiteado.

UD	**Título da UD**	**Duración**
4	Procedementos e técnicas de aplicación de coidados capilares	20

Criterios de avaliación	**IA**	**%**
RA2 - Prepara a área de traballo e os equipamentos de análise e coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.		
CA2.2 - Clasificáronse os equipamentos complementarios para os coidados estéticos capilares.	PE	6
CA2.3 - Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.		
CA2.3.2 - Relacionouse o fundamento científico dos equipamentos de coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.	PE	6
CA2.4 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.		
CA2.4.2 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento dos equipamentos de coidados capilares	TO	6

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.6 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela.		
CA2.6.2 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela a hora de empregar os equipamentos de coidados capilares	TO	5
RA4 - Deseña procedementos de coidados capilares e analiza as fases do proceso.		
CA4.1 - Caracterizáronse as fases dun protocolo.	PE	6
CA4.2 - Establecéronse as pautas de elaboración de protocolos para os coidados capilares en descamacións e en cabelo seco e fráxil.	PE	6
CA4.3 - Elaboráronse protocolos para o mantemento de cabelos tinguidos, descolorados e con permanente.	PE	6
CA4.4 - Determináronse os medios, as técnicas e os materiais necesarios.	PE	6
CA4.5 - Caracterizouse a duración e o número de sesións de cada protocolo.	PE	5
RA5 - Aplica coidados capilares, integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.		
CA5.1 - Determináronse os tipos de manobras da masaxe capilar.	PE	6
CA5.2 - Relacionáronse os parámetros das manobras da masaxe coas indicacións.	PE	6
CA5.3 - Aplicáronse técnicas de masaxe nos coidados capilares.	TO	6
CA5.4 - Integráronse técnicas manuais, equipamentos e cosméticos na aplicación de coidados do cabelo.	PE	6
CA5.5 - Establecéronse as recomendacións e as informacións postratamento.	PE	6
CA5.6 - Realizouse a desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos aparellos.	TO	6
CA5.7 - Mantívose unha actitude ecolóxica na eliminación dos residuos xerados.	TO	6
CA5.8 - Xustificouse a valoración do resultado obtido como factor de calidade do proceso.	TO	6

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares
Equipamentos complementarios nos coidados capilares: tipos e clasificación. Descrición e fundamento científico, e

Contidos
interpretación de resultados. Normas de emprego e precaucións de uso. Indicacións e contraindicacións relacionadas coa súa utilización.
BC4 - Deseño de procedementos de coidados capilares
Protocolo de traballo.
Protocolos de coidados capilares en escamacións e en cabelo graxo, seco e fráxil. Clasificación de utensilios, técnicas, materiais e cosméticos necesarios para a realización dos coidados capilares. Clasificación de técnicas manuais e equipamentos. Caracterización da duración e o número de sesións de cada protocolo.
Protocolo de mantemento en cabelos tinguidos, descolorados e con permanente. Clasificación de utensilios, técnicas, materiais e cosméticos necesarios para os coidados capilares. Clasificación de técnicas e equipamentos.
BC5 - Aplicación de coidados do cabelo
Protocolos estándar e personalizados. Adaptación do protocolo estándar ás necesidades e ás demandas da persoa usuaria. Masaxe capilar: clasificación e pautas de realización das manobras; efectos da masaxe, indicacións e contraindicacións.
Técnicas de masaxe nos coidados capilares: procedemento e pautas de aplicación.
Aplicación do protocolo individualizado: criterios de selección e integración de técnicas, equipamentos e cosméticos.
Recomendacións postratamento.
Aplicación de medidas de desinfección e esterilización dos utensilios e dos materiais utilizados en condicións de seguridade e hixiene. Medidas para a eliminación dos residuos xerados mantendo unha actitude ecolóxica.
Avaliación e seguimento de resultados.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Estrutura e funcións do órgano cutáneo	40

	Actividade	Descrición	Duración
1	Caracterización do órgano cutáneo	Caracterización e identificación das estructuras do órgano cutáneo	40

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.

CA1.1 - Identificáronse as características e elementos que compoñen o relevo cutáneo

CA1.2 - Caracterizouse a estrutura da pel e as súas glándulas

CA1.3 - Especificáronse os tipos de pelo, e establecéronse as súas características e os criterios de clasificación

CA1.4 - Xustificouse o carácter cíclico do crecemento piloso

CA1.5 - Recoñecéronse as características e os compoñentes do cabelo

Contidos **BC1 - Caracterización do órgano cutáneo** C1.1 - Estrutura e funcións do órgano cutáneo: Estrutura macroscópica e microscópica da pel: epiderme, derme e tecido celular subcutáneo. Vascularización e inervación. Anexos cutáneos: glándulas e anexos córneos. Funcións da pel e anexos. C1.2 - Pelo: estrutura e funcións; composición química; propiedades físicas e químicas. Ciclo piloso.
Obxectivos específicos Estrutura e funcionamento da pel e dos anexos cutáneos. Alteración da pel de dos anexos
Resultados ou produtos Tarefas, exercicios, resumos, esquemas, etc, realizados e presentados na aula virtual
Recursos específicos Aula virtual, libro de texto, artigos científicos, documentación realizada pola docente...

UD	Título da UD	Duración
2	Alteracións do órgano cutáneo	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Alteracións do órgano cutáneo	Alteración da pel e dos anexos cutáneos	20

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza o órgano cutáneo, identificando a súa estrutura e as súas alteracións.

CA1.6 - Relacionouse o estado do cabelo coa irrigación sanguínea

CA1.7 - Relacionáronse as características dunha pel normal coas súas posibles variacións e a súa repercusión capilar

CA1.8 - Caracterizáronse as alteracións do cabelo e a súa importancia no ámbito do peiteado

CA1.9 - Especificáronse os efectos do sol na pel e no cabelo

CA1.10 - Recoñecéronse as alteracións específicas de mans, pés e uñas

Contidos

BC1 - Caracterización do órgano cutáneo

C1.3 - Variacións nos parámetros dunha pel normal: concepto de alteración, tipos e características básicas.

C1.4 - Alteracións do cabelo e do coiro cabeludo: clasificación e características. Alteracións estruturais. Alteracións cromáticas. Alteracións do coiro cabeludo: seborrea, descamación e pitiriase. Pel e cabelo baixo a influencia da radiación solar.

C1.5 - Alteracións específicas de mans, pés e uñas.

Obxectivos específicos

Identificar e caracterizar as alteracións da pel e dos anexos cutáneos

Resultados ou produtos

Tarefas, exercicios, resumos, esquemas, etc, realizados e presentados na aula virtual

Recursos específicos

Aula virtual, libro de texto, artigos científicos, documentación realizada pola docente...

UD	Título da UD	Duración
3	A área de análise capilar. Técnicas e equipamentos de análise capilar	48

	Actividade	Descrición	Duración
1	A área de análise capilar	Área de análise capilar: espazos, equipamento e ambiente	8

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara a área de traballo e os equipamentos de análise e coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.

CA2.1 - Identificáronse os aparellos e os equipamentos usados na análise capilar.

CA2.3 - Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.

CA2.3.1 - Relacionouse o fundamento científico dos equipamentos de análise capilar, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.

CA2.4 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.

CA2.4.1 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento dos equipamentos de análise capilar

CA2.5 - Interpretáronse os datos obtidos cos equipamentos de análise capilar.

CA2.6 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela.

CA2.6.1 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela a hora de empregar os equipamentos de análise capilar

Contidos

BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares

C2.1 - Área de análise capilar: espazos, equipamento e ambiente.

C2.9 - Equipamentos empregados na análise estética capilar: tipos e clasificación.

C2.10 - Descrición, bases científicas e interpretación de resultados obtidos.

C2.11 - Pautas de aplicación e precaucións na súa aplicación: indicacións e contraindicacións.

BC3 - Realización da análise da pel e anexos

C3.1 - Fases do protocolo de análise: acomodación, entrevista, exame visual e exploración.

C3.2 - Elaboración da documentación: ficha de análise capilar.

C3.3 - Técnicas de detección de necesidades e recollida de datos.

C3.4 - Técnicas de observación e exploración.

Obxectivos específicos

Coñecer a área de análise capilar, os espazos, equipamento e ambiente

Resultados ou produtos

Actividades realizadas, corrixidas e presentadas na aula virtual.

Recursos específicos

Aula virtual, libros de texto, apuntamentos creados pola docente, internet, bibliografía,...

	Actividade	Descrición	Duración
2	Deontoloxía profesional	Análise das normas deontolóxicas e a súa repercusión no desenvolvemento da profesión	8

Criterios de avaliación

RA6 - Cumpre as normas de deontoloxía profesional e valora a súa repercusión no desenvolvemento da profesión.

CA6.2 - Valorouse a aplicación de normas deontolóxicas no desenvolvemento profesional.

CA6.3 - Determináronse os deberes e as obrigas do persoal profesional.

CA6.4 - Valorouse a importancia e a repercusión do traballo honesto.

CA6.5 - Xustificouse a necesidade do segredo profesional na profesión.

CA6.6 - Traballouse con criterios de respecto pola diferenza.

CA6.7 - Valorouse a repercusión da lei de protección de datos no exercicio profesional do peiteado.

Contidos

BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares

C2.2 - Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteado, indumentaria e complementos).

C2.3 - Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.

C2.4 - Importancia do traballo en equipo.

C2.5 - Recepción e atención á clientela para o proceso de análise capilar. Normas para a primeira cita.

C2.6 - Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.

BC5 - Aplicación de coidados do cabelo

C5.7 - Concepto de deontoloxía.

C5.8 - Deberes, dereitos e obrigas do/da profesional.

C5.9 - Lei de protección de datos na profesión de peiteado.

Obxectivos específicos

Coñecemento e aplicación das normas deontolóxicas profesionais

Resultados ou produtos

Exercicios, resumos, esquemas, etc realizados e presentados na aula virtual

Recursos específicos

Aula virtual, libros de texto, apuntamentos creados pola docente, internet,...

	Actividade	Descrición	Duración
3	Técnicas e equipamentos para o análise capilar	Análise das técnicas e equipamentos para o análise capilar e a súa aplicación práctica	32

Criterios de avaliación

RA3 - Realiza a análise da pel e os seus anexos, describindo e aplicando as técnicas de observación e análise do cabelo e do coiro cabeludo.

CA3.1 - Caracterizáronse as fases do protocolo de análise.

CA3.2 - Identificáronse os datos que permiten obter información útil para a análise capilar.

CA3.3 - Elaborouse a documentación necesaria para o rexistro da información.

CA3.4 - Manexáronse a lupa, a luz de Wood e outros métodos de análise complementarios para a observación do estado do cabelo e o coiro cabeludo.

CA3.5 - Aplicáronse métodos de exploración do cabelo.

CA3.6 - Comprobouse a posible existencia de alteracións.

CA3.7 - Realizouse a recollida de información na ficha técnica ou no expediente da clientela.

CA3.8 - Indicouse cando, como e por que se debe derivar a persoa usuaria cara a superiores ou diferentes profesionais.

RA6 - Cumpre as normas de deontoloxía profesional e valora a súa repercusión no desenvolvemento da profesión.

CA6.1 - Estableceuse o concepto de deontoloxía profesional.

Contidos

BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares

C2.7 - Seguridade e hixiene na análise capilar. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización.

C2.8 - Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante a análise capilar. Hixiene postural e ergonomía.

BC3 - Realización da análise da pel e anexos

C3.5 - Estudo da información. Diagnóstico e proposta de coidados capilares. Informe a superiores.

C3.6 - Derivación cara a superiores ou diferentes profesionais.

Obxectivos específicos

Coñecemento dos fundamentos e aplicación das técnicas de análise capilar

Resultados ou produtos
Tarefas, exercicios, resumos, esquemas, informes de prácticas, etc, realizados e presentados na aula virtual
Recursos específicos
Aula virtual, libros de texto, apuntamentos creados pola docente, internet, bibliografía, equipos, utensilios e material necesario para o análise capilar,...

UD	Título da UD	Duración
4	Procedementos e técnicas de aplicación de coidados capilares	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Procedementos de coidados capilares	Deseño de procedementos de tratamentos capilares	10

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara a área de traballo e os equipamentos de análise e coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.

CA2.2 - Clasificáronse os equipamentos complementarios para os coidados estéticos capilares.

CA2.3 - Relacionouse o fundamento científico de cada un coas súas indicacións e contraindicacións.

CA2.3.2 - Relacionouse o fundamento científico dos equipamentos de coidados capilares, tendo en conta a relación entre o fundamento científico e as indicacións e normas de utilización.

CA2.4 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento.

CA2.4.2 - Estableceuse o xeito de emprego e mantemento dos equipamentos de coidados capilares

CA2.6 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela.

CA2.6.2 - Caracterizáronse as medidas de protección do persoal e da clientela a hora de empregar os equipamentos de coidados capilares

RA4 - Deseña procedementos de coidados capilares e analiza as fases do proceso.

CA4.1 - Caracterizáronse as fases dun protocolo.

CA4.2 - Establecéronse as pautas de elaboración de protocolos para os coidados capilares en descamacións e en cabelo seco e fráxil.

CA4.3 - Elaboráronse protocolos para o mantemento de cabelos tinguidos, descolorados e con permanente.

CA4.4 - Determináronse os medios, as técnicas e os materiais necesarios.

CA4.5 - Caracterizouse a duración e o número de sesións de cada protocolo.

RA5 - Aplica coidados capilares, integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.

CA5.1 - Determináronse os tipos de manobras da masaxe capilar.

CA5.2 - Relacionáronse os parámetros das manobras da masaxe coas indicacións.

CA5.4 - Integráronse técnicas manuais, equipamentos e cosméticos na aplicación de coidados do cabelo.

CA5.5 - Establecéronse as recomendacións e as informacións postratamento.

Contidos

BC2 - Preparación dos equipamentos de análise e coidados capilares

C2.12 - Equipamentos complementarios nos coidados capilares: tipos e clasificación. Descrición e fundamento científico, e interpretación de resultados. Normas de emprego e precaucións de uso. Indicacións e contraindicacións relacionadas coa súa utilización.

BC4 - Deseño de procedementos de coidados capilares

C4.1 - Protocolo de traballo.

C4.2 - Protocolos de coidados capilares en escamacións e en cabelo graxo, seco e fráxil. Clasificación de utensilios, técnicas, materiais e cosméticos necesarios para a realización dos coidados capilares. Clasificación de técnicas manuais e equipamentos. Caracterización da duración e o número de sesións de cada protocolo.

C4.3 - Protocolo de mantemento en cabelos tinguidos, descolorados e con permanente. Clasificación de utensilios, técnicas, materiais e cosméticos necesarios para os coidados capilares. Clasificación de técnicas e equipamentos.

BC5 - Aplicación de coidados do cabelo

C5.1 - Protocolos estándar e personalizados. Adaptación do protocolo estándar ás necesidades e ás demandas da persoa usuaria. Masaxe capilar: clasificación e pautas de realización das manobras; efectos da masaxe, indicacións e contraindicacións.

C5.2 - Técnicas de masaxe nos coidados capilares: procedemento e pautas de aplicación.

C5.4 - Recomendacións postratamento.

Obxectivos específicos

Aplicación dos protocolos de tratamentos capilares

Resultados ou produtos

Tarefas, exercicios, resumos, esquemas, protocolos de traballo,... realizados e presentados na aula virtual

Recursos específicos

Aula virtual, libros de texto, apuntamentos creados pola docente, internet, bibliografía, equipos, utensilios e material necesario para o coidado do cabelo e coiro cabeludo,...

	Actividade	Descrición	Duración
2	Aplicación de coidados capilares	Aplicación de coidados do cabelo e do coiro cabeludo	10

Criterios de avaliación

RA5 - Aplica coidados capilares, integrando medios técnicos, manuais e cosmetolóxicos.

CA5.3 - Aplicáronse técnicas de masaxe nos coidados capilares.

CA5.6 - Realizouse a desinfección e/ou esterilización dos materiais e dos aparellos.

CA5.7 - Mantívose unha actitude ecolóxica na eliminación dos residuos xerados.

CA5.8 - Xustificouse a valoración do resultado obtido como factor de calidade do proceso.

Contidos

BC5 - Aplicación de coidados do cabelo

C5.3 - Aplicación do protocolo individualizado: criterios de selección e integración de técnicas, equipamentos e cosméticos.

C5.5 - Aplicación de medidas de desinfección e esterilización dos utensilios e dos materiais utilizados en condicións de seguridade e hixiene. Medidas para a eliminación dos residuos xerados mantendo unha actitude ecolóxica.

C5.6 - Avaliación e seguimento de resultados.
Obxectivos específicos Aplicación dos protocolos de tratamentos capilares
Resultados ou produtos Tarefas, exercicios, resumos, esquemas, informes de prácticas,... realizados e presentados na aula virtual
Recursos específicos Aula virtual, libros de texto, apuntamentos creados pola docente, internet, bibliografía, equipos, utensilios e material necesario para a aplicación dos coidados do cabelo e coiro cabeludo.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Os informes facilitados na Avaliación Inicial do Ciclo Formativo facilitarán as situacións académicas e persoais do alumnado e servirán para fixar un punto de partida.
A avaliación inicial terá como obxectivo coñecer as características, capacidades e formación previa de cada un dos alumnos e alumnas.
Dita información pode proceder:
- Dos informes de estudos cursados previamente.
- Dos informes de posibles necesidades educativas especiais.
- Da experiencia profesional previa.
- Da observación do alumnado nas primeiras semanas do curso.

Non obstante, ao inicio do curso poderase facer na aula unha posta en común de coñecementos, a cal terá como obxectivo exclusivo unha análise, centrada nos contidos do módulo, da situación real do alumnado con respecto á materia a desenvolver e á súa capacidade de autoformación. Deste xeito poderase facer, por exemplo, unha distribución máis homoxénea dos grupos de traballo e mesmo facilitar que o alumnado adquira unha maior independencia formativa.
En ningún caso esta avaliación inicial terá carácter vinculante nin suporá unha modificación dos mínimos esixidos.
A avaliación inicial non levará consigo cualificación para o alumnado.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**30**	**15**	**40**	**15**	**100**
Proba escrita	100	100	45	65	**73**
Táboa de observación	0	0	55	35	**27**

Procedemento e criterios de cualificación:

Para acadar a avaliación positiva o alumnado deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 nas probas escritas, así como, nas tarefas propostas pola docente (actividades diarias na aula)
A cualificación de cada avaliación será a media calculada da seguinte maneira:

- 80%: Probas escritas

2 tipos de probas escritas (PE):
PE tipo A: Realizaráse unha proba escrita todas as semanas: PE tipo test / preguntas curtas (50 % da cualificación da avaliación). A nota correspondente a este apartado será a media aritmética das probas, sempre e cando acade un mínimo de cinco en cada unha.
PE tipo B: Antes de finalizar cada avaliación: PE consistente na realización de supostos prácticos/ preguntas de desenvolver e/ ou protocolos de traballo (30 %).

- 20%: Tarefas propostas pola docente (actividades diarias na aula, traballos de indagación, entrega de informe de prácticas ...).

IMPORTANTE:
-Como ben se indicou ao comezo, é necesario para poder facer a media ponderada entre as tarefas e as probas escritas, acadar unha cualificación igual ou maior a un 5 tanto nas PE como nas tarefas.
-As tarefas deben ser subidas en tempo e forma (.pdf) na aula virtual para poder ser cualificadas, e polo tanto, superar o módulo.
-NON se realizarán recuperacións. De non acadar unha avalición positiva, o alumnado deberá recuperar os RA non superados en xuño.
-A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións de cada avaliación, sempre que estas estén superadas. No caso daqueles/as alumnos e alumnas que non superen algunha das avaliacións e a media aritmética resulte superior a catro puntos,a puntuación máxima asignada será de catro puntos
- Se se atopase a algún alumno/a copiando ou realizando algunha práctica ilegal durante as probas escritas, automaticamente éstas valoraranse con un 0, e tería, polo tanto, a avaliación correspondente suspensa.
- Só se permitirá a realización das probas escritas fóra da data proposta, ó alumnado que presente xustificación, con documento acreditativo, por causa maior (enfermidade, ingreso hospitalario, morte dun familiar ata o segundo grado de cosanguinidade, citación xudicial...)
- As faltas de asistencia xustificadas do alumno/a, non o eximirán da obrigación de ter actualizados os contidos impartidos ata a data.
PARA SUPERAR O MÓDULO É PRECISO QUE O ALUMNO/A AO FINAL DO CURSO TEÑA ACADADOS TODOS OS RESULTADOS DE APRENDIZAXE XA QUE TODOS OS CONTIDOS ESTAN INTERRELACIONADOS,é decir, a avaliación é continua e, polo tanto, non se poden considerar os RA individualizados, se non como un todo, conxunto de todos os RA; Non superar un RA implica que o/a alumno/alumna non adquiriu os coñecementos, destrezas habilidades e competencias relacionadas co módulo e ca práctica profesional que ten que desempeñar no mercado laboral.

Procedemento e criterios de recuperación

O procedemento de recuperación enténdese non só como exame de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte máis do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia dun alumno ou alumna, no seguimento da súa evolución, realizando con él/ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos donde ten dificultades. Si, aínda así, o alumno ou alumna non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe deste alumnado, permitíndolle subsanar as súas carencias de aprendizaxe.
As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.
PROBA EXTRAORDINARIA
O alumnado, con dereito a avaliación continua, que non acade unha avaliación positiva ten dereito a unha proba de recuperación ao final do curso (xuño).
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario acadar unha calificación mínima de 5/10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego

de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que o profesor retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas e/ou das probas teórico-prácticas).
Así mesmo, levaráse a cabo unha proba escrita a finais de xaneiro - comezos de febreiro (antes do remate da segunda avaliación), cunha duración máxima de tres horas, a cal versará sobre os contidos mínimos da materia.
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5/10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Polo carácter continuo da avaliación, nas modalidades de ensino profesional será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos.
Se o número de faltas inxustificadas nun determinado módulo é superior ao 10 % respecto da súa duración implicará a PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA (Orde 12 de xullo de 2011). Neste caso o módulo ten unha duración de 128 sesións anuais, polo que o límite de ausencias será de 13 sesións, e este alumnado, se a profesora o considera, poderá asistir a clases como oínte e deberá realizar unha única proba en xuño, con cuestións, tanto de tipo teórico como de aplicación teórico-práctica, relacionadas cos contidos mínimos do módulo. Nesta proba o alumnado terá que acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10 para superar a proba de avaliación extraordinaria.
IMPORTANTE.
Esta proba escrita consistirá en 2 partes diferenciadas:
- Parte A: preguntas tipo test (razonando o porqué da resposta) e/ ou de resposta curta.
- Parte B: un ou dous supostos prácticos.
Para acadar unha avaliación positiva será necesario obter unha calificación mínima de 5 sobre 10 en cada unha das partes (parte A e parte B)
Permitirase a entrada aos exames ás persoas que se presenten con retraso, sempre que aínda non saíra ninguén, pero sen que por elo se lle conceda maior tempo para a realización das probas.
Calquera tipo de actitude fraudulenta levada a cabo na realización da proba teórico-práctico (por exemplo emprego de material non permitido: calculadoras científicas programables, apuntes, libros, ferramentas de gravación e lectura dixitais, smart-watch, emprego de sistemas de escoita remota, pinganillos, etc) implicará que a profesora retire o exame e a proba sexa cualificada con cero puntos.
O profesorado non asumirá ningunha responsabilidade nin repetirá ningunha proba en caso de que o alumnado se ausente nas datas previstas na devandita convocatoria.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Dentro do grupo pode haber alumnado que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que acadan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos plantearanse alternativas, como:
- Ofrecer actividades:
  + Comúns para todo ó alumnado con fin de asimilar os contidos mínimos.
  + Máis complexas para o alumnado que acade os obxectivos previstos, onde se afonde nós coñecementos adquiridos.
  + Máis sinxelas, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.
- Seguimento, máis personalizado, do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos
- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas (de ser o caso): no mes de xuño realízanse probas orais ou/e escritas e/ou prácticas, podendo incluir tamén a realización dalgunha das actividades das unidades didácticas nas que non se acadaran os obxectivos previstos.

8.1. Programación da educación en valores.

Os temas transversais deben impregnar todo o proceso educativo dos ciclos formativos. Partimos dunha tarefa educativa na que non soamente faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respeto, tolerancia, liberdade e igualdade entre as persoas.
É importante promover no alumnado pautas de conductas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto.
TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS
Educación moral e cívica:

- Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valores que axuden a xulgar criticamente a realidade.
- Conseguir que os/as xoves fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas.
- Lograr que adquiran normas e valores democráticos e xustos.

Educación para a paz:

- Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo.
- Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual.
- Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Rexeito das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo.
- Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas.
- Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

Educación ambiental

- Respetar o entorno físico e natural.
- Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

Educación do consumidor:

- Desenvolver actitudes críticas fronte ó consumo irresponsable.
- Fomentar o consumo responsable.

Educación para a saúde:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.
- Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.
- Reflexionar sobre as sustancias que prexudican o organismo e adquirir hábitos de saúde axeitados.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Entre as actividades que se poden levar a cabo, están as seguintes:
- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.
- Visitas a empresas do sector.

E as que poidan xurdir ao longo do curso escolar e a profesora responsable do módulo considere de interese para o módulo ou o ciclo.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Levarase a cabo un proceso de avaliación continuo no que debe terse en conta a actualización permanente que é necesario ter da normativa e das innovacións profesionais que poidan ocorrer ao longo do curso.
A docente responsable do módulo, debido ao carácter necesariamente aberto da programación: poderá introducir axustes que, sin modificar a programación nos seus fundamentos, facilite o seu desenrolo máis adecuado ás características grupais, individuais e/ou do propio desenrolo do curso escolar.
A maiores cada departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razonada no caso de desviacións. Levantarase acta de dito control.
A avaliación final, realízase coa memoria final do modulo incluída na memoria de ciclo e na memoria do departamento, onde constarán os datos máis relevantes do desenvolvemento da programación ao longo do curso, segundo plantilla do departamento/centro.

11.1. Outros apartados.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000200 - Peiteado e cosmética capilar	CM

Módulo
MP0846 - Cambios de forma permanente do cabelo (2º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
5	136	50	163	85	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Godoy Ares, María Encarnación

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 4

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 5

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 22

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 22

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 23

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 23

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 24

8.1. Programación da educación en valores. 24

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 24

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 24

11.1. Outros apartados. 25

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Esta programación do módulo profesional ¿cambios de forma permanente do cabelo¿ para o curso 2025/2026, desenvolve o currículo establecido polo Decreto 231/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Peiteado e Cosmética Capilar. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e as necesidades de cualificación do sector produtivo en canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura. Introducindo as adaptacións necesarias coa finalidade de adecuar o proceso de ensino e aprendizaxe ás características do alumnado e ás peculiaridades do contorno sociocultural do centro, IES 12 de Outubro . Para esta adecuación, terase en conta o perfil profesional do título, os seus obxectivos xerais, as competencias profesionais, persoais e sociais que se concretan co Decreto do seguinte xeito:
Perfil profesional do título
O perfil profesional do título de Técnico en Peiteado e cosmética capilar determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e ,
de ser o caso, polas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título. Este módulo correspóndese coas unidades de competencia UC0350_2: Realizar cambios de forma permanente no cabelo.
Obxectivos xerais
O decreto establece unha serie de obxectivos xerais, dos cales vincula os seguintes ao módulo de ¿Cambios de forma permanente¿:
-Identificar as características e as necesidades do pelo e do coiro cabeludo, utilizando medios e técnicas de observación para comprobar o seu estado.
-Seleccionar medios, produtos e equipamentos, analizando as súas características, para preparar e pór a punto o posto de traballo.Esta figura exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servizos persoais" e máis concretamente na actividades de cambios de forma permanente desenvolvendo os procesos de prestación de servizos de perruquerías e de asesoramente e atención permanente ao cliente en:
Salóns de perruquería
Departamentos de estética de empresas dedicadas ao tratamento da imaxe persoal integral.
Equipos de técnicos, dependentes de laboratorios e casas comerciais, que desenvolvan a súa actividade no ámbito da perruquería, como probadores, demostradores e vendedores.
Hospitais e centros xeriátricos, e empresas de servizos fúnebres
-Hixienizar as instalacións e os equipamentos, xustificando os métodos de limpeza e desinfección, para preparar e pór a punto o posto de traballo e as instalacións
-Aplicar operacións técnicas de alisamento e rizamento, recoñecendo e seleccionando os utensilios e os cosméticos, para realizar cambios de forma permanente no cabelo
-Adoptar e valorar solucións creativas ante problemas e continxencias que se presenten no desenvolvemento dos procesos de traballo, para resolver de xeito responsable as incidencias da súa actividade.
-Aplicar técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á súa finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia do proceso.
Competencias xerais
A competencia xeral deste título consiste en realizar o coidado e o embelecemento do cabelo, a estética de mans e pés e o estilismo masculino, así como comercializar servizos e venda de cosméticos, cumprindo os protocolos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental
Competencias profesionais, persoais e sociais.
As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:
a) Recibir, almacenar e distribuír o material de peiteado, controlando o seu consumo e as existencias.
b) Atender a clientela en todas as fases do proceso, aplicando procedementos establecidos.
c) Comprobar o estado do cabelo e do coiro cabeludo, manexando instrumentos de observación.
Igualmente, para estas probas terá a consideración de mínimo esixible o cumprimento dos valores indicados no apartado Programación da educación en valores segundo os criterios alí indicados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Didácticas.
Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN
Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Á hora de facer un correcto seguimento da programación e poder avaliar a propia práctica docente compre sinalar co desenvolvemento da mesma vai ter unha marcada interdependencia alumno/a-profesor/a. Por iso é preciso que vaia anotando o desenvolvento das actividades que se están a realizar (por exemplo nos tempos inicialmente asignados, para acadar un mellor cumprimento das esixencias previstas). O resultado desta análise servirá para adoptar correccións futuras.así como realizar o seguimento na progración PROENS
O obxectivo é corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xurde situacións non previstas durante o curso.
Este seguimento realizarase nas reunións de Departamento conforme aos criterios que se realiza ao principio de cada cuso ou avaliación.
As modificacións faranse por escrito reflectíndoas na aplicación web -seguimento- que á súa vez incluiranse na Acta de Departamento correspondente asinando polos profesores aos que lles afecte máis o xefe do Departamento. En caso de cambios informarase ao alumnado.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

plicarase este procedemento cando o/a alumno/a:
-Teña perdido o dereito á avaliación continua.
-Non colaborara de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
-Non rematara en prazo os traballos
-Non lle fosen aplicables ou non superase as actividades de recuperación propostas no módulo.
Neste caso o/a alumno/a terá que realizar para unhas probas consistentes nun dobre exame teórico e práctico
A) Haberá unha proba teórica de tres sesións de duración máxima. O alumno terá que respostar preguntas relativas aos mínimos esixibles desenvoltos durante o curso. Tamén se lle pode solicitar algún traballo que debe entregar no tempo indicado.
B) Haberá unha proba práctica de seis sesións de duración máxima. O alumno terá que demostrar mediante unha ou varias probas prácticas sobre maniquies os mínimos esixibles + criterios de avaliación correspondentes desenvoltos durante o curso.
Na proba práctica o alumnado terá que traer modelo para poder realizar as probas que se lle pidan de carácter práctico, tinte, decoloración parcial(mechas).
Sendo un requisito a non comunicación coa modelo durante a proba ou as probas .
Para estas probas terase en conta o Informe Individualizado.
Estas probas realizaranse coincidindo co remate do curso e terán a amplitude suficiente para garantir que o/a alumno/a alcanza os mínimos esixibles tal e como se indica no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación polo que, dada a complexidade que supón a súa realización pero tendo a consideración dun único Exame Final Extraordinario, que deberá ser avaliado positivamente en todas e cada unha das súas partes para acadar a avaliación positiva
Igualmente, para estas probas terá a consideración de mínimo esixible o cumprimento dos valores indicados no apartado "Programación da educación en valores" segundo os criterios alí indicados, os cales, polo seu carácter transversal, afectarán a todas e cada unha das Unidades Formativas.
Se o alumno obtén menos dun 5 na parte teórica non poderá aprobar a proba extraordinaria
Se o alumno obtén menos dun 5 na parte práctica non poderá aprobar a proba extraordinaria
No caso de aprobar a avaliación a nota virá dada nun 30% pola nota teórica e nun 70% pola práctica. Unha vez calculada, se as décimas superan o 5 porase a nota enteira seguinte (exemplo un 7,6 será un 8 na avaliación).
Perda do dereito á avaliación continua nos ciclos de grao medio e de grao superior
1. Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % e nun 20% contando xustificadas e non xustificadas respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.
Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6 % respecto da súa duración total. Nel indicarase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10 % de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua. En caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.
O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación ás que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

As medidas de reforzo educativo destinaranse ao alumnado que amose dificultades para acadar os resultados de aprendizaxe do módulo
O obxectivo principal será facilitar a recuperación dos contidos e destrezas non adquiridos mediante accións de apoio personalizadas e actividades específicas.
Entre as medidas inclúense:

- Revisión idividualizada dos erros nas prácticas e nas probas teóricas, ofrecendo orientación concreta.
- Repetición guiada das prácticas, no taller baixo supervisión
- Elaboración de fichas de reforzo con exercicios de repaso sobre colorimetría, tipos de productos , preparación de mesturas e protocolos de aplicación
- Titorías personalizadas para revisar o progreso e establecer obxectivos a curto prazo
- Actividades complementarias ou adaptadas que permitan demostrar a adquisición das competencias dun modo progresivo.

Estas medidas aplicaranse de maneira flexible e continua, adaptándose as necesidades detectadas en cada caso.
Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado -Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación-. Esta situación verase reflectida na -ficha do alumno- e as flexibilizacións e apoios fixados terán que contar coa autorización e visto bo da Inspección de Educación.
Nota - MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ALUMNOS CON NEE
-Metodoloxía diversa
-Enfocar ou presentar determinados contidos diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles.
-Proposta de actividades diferenciadas
-Preparar actividades diversas para traballar os contidos fundamentais, graduando as tarefas de forma que todos alumnos poidan atopar espacios de resposta mas ou menos amplos. Un exemplo podería ser flexibilizar as relacións nos proxectos deixando a posibilidade de outros alternativos que contemplen os contidos esenciais.
-Material didáctico non homogéneo
-Propoñer actividades que respondan a distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos.
-Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes
-Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida para os que sexa mas sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo
-A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas, propoñer distintas actividades de reforzo ou profundización e fomentar a cooperación
No caso do alumnado que, sen ter necesidades educativas especiais, poida precisar ao longo do curso dun apoio adicional e cando o reflectido na -ficha do alumno- así o aconselle, ofreceráselle a posibilidade de reforzar a súa aprendizaxe e mesmo recuperar partes non superadas.
Atoparanse nesta situación aqueles/as alumnos/as que:
-Non teñan perdido o dereito á avaliación continua.
-Colaboren de xeito activo no desenvolvemento das tarefas propostas, tanto con carácter individual como de traballo en grupo.
-Non acaden parcialmente os mínimos dunha Unidade Formativa (no caso no que o módulo estea dividido).
-Amosen a súa dispoñibilidade a traballar en autoformación.
Se cumpren os catro puntos, acordarase co/coa alumno/a a realización dun ou varios traballos nos que se definirán, entre outros, os datos de partida, os obxectivos e o tempo máximo para entregalos. Será condición indispensable que o/a alumno/a dispoña persoalmente do equipo necesario para realizar o traballo, estando en todo momento apoiado polo profesor en tarefas de titoría.
No caso de que, polo carácter dos mínimos a recuperar, sexa necesaria unha verificación práctica dos mesmos o/a alumno/a deberá realizar tamén unha proba práctica, normalmente coincidindo co Exame Final Extraordinario.
O conxunto destas tarefas en ningún caso suporá unha rebaixa dos mínimos esixidos reflectidos no apartado Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación, se non que constitúe unha ferramenta de apoio para a consecución dos mesmos.

Nota: ACTIVIDADES DE CONSOLIDACIÓN, REFORZO E AMPLIACIÓN
Cada unidade didáctica requirirá da aplicación dos conceptos e procedementos das anteriores e vai a manterse durante a duración do módulo a repetición constante dos contidos polo que en todo momento se están consolidando, reforzando e ampliando.
Dentro do grupo pode haber alumnos que non consigan os obxectivos das actividades ou polo contrario que acadan sobradamente os obxectivos previstos. Para cada actividade procurarase ofrecer tres posibilidades:
-Unha común para todos os alumnos co fin de asimilar os contidos mínimos.
-Unha máis complexa para o alumno que alcanza os obxectivos previstos e coa finalidade de profundizar nos coñecementos adquiridos.
-Unha máis sinxela, cunha metodoloxía secuenciada para que aquel alumno que non acade os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño aos fins propostos

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está íntimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.
Con esta idea, fixáronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):
-Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
-Asistiuse con puntualidade ás clases.
-Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
-Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
-Rigor no manexo da documentación.
-Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, productos, técnicas¿
-Orde e método de traballo.
-Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
-Traballo en equipo.
-Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.
-Calidade do traballo.
-Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
-Seguridade e hixieneno traballo.
-Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
-Procurouse non desperdiciar materiais.
-Coidouse a reciclaxe.
O incumprimento de calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva das Unidades Formativas e/ou do módulo.
Así mesmo, o incumprimento de algún deles poderá significar a prohibición de realizar as prácticas no aula cando por razóns de seguridade, de prexuízo ao grupo ou por impuntualidade supoñan un risco ou unha diminución da avaliación obxectiva das mesmas. Neste caso o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua. Estas situación quedarán reflectidas na ficha do alumno.
Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.
A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión proporanse os seguintes obxectivos:
-respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
-non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
-trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional
A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudios:
-facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, SEPE...)
-informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
-proporcionarase un autocoñecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa

posterior inserción ao traballo ou a outros estudios
O Medio Ambiente, será tratado directamente na aula e no entorno educativo polo que se propón:
-respecto aos criterios establecidos no centro educativo, optimizando a seguridade e hixiene tanto para os alumnos como para os usuarios dos nosos servizos
-responsabilidade en canto ao bo uso das instalacións e medios materiais, favorecendo un uso responsable das enerxías
-potenciar o reciclado dos residuos
-evitar a preparación de produtos químicos en exceso e no caso contrario facer unha eliminación correcta deles
Tamén dicir que cada mes realizarase actividades sobre igualdade.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.
Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliables. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.
-Cursos no IES con empresas do sector
-Asistencia a Congresos, Atteliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
-Desfiles.
Así como realizar proxectos ou preparación para Galicia Skills

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

O seguimento da programación realizarase de maneira continua ao longo do curso.Para iso, levarase a cabo un rexistro sistemático da evolución do grupo
As fontes de información incluirán:

- A avaliación inicial e continua do alumnado.
- As actas e reunións de coordinación do equipo docente.
- A observación directa do funcionamento das actividades e do grao de participación e interese do alumnado.
- Os resultados de aprendizaxe e cualificacións finais.

A avaliación da práctica docente implicará una reflexión sobre:

- A eficacia das metodoloxías empregadas.
- A adecuación dos instrumentos de avaliación.
- A organización do tempo e dos recursos.
- O clima de aula e motivación do alumnado.

Ao remate do curso elaborarase un informe de avaliación da programación, no que se recollerán as conclusións principais e as propostas de mellora para o seguinte curso académico. Este proceso terá un carácter formativo e servirá para favorecer a autevaliación e mellora continua da práctica docente.Garantindo unha ensinanza de calidade adaptada ao contexto real do módulo.

11.1. Outros apartados.

1. DEREITO Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:
-Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado Programación da educación en valores.
-Causen danos de xeito intencionado.
-Non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
-Non respecten ás indicacións do profesor na realización dalgunha práctica.
-Se valore, de xeito obxectivo, que carece dos coñecementos ou destreza necesarios para a execución da práctica.

2. SECUENCIA DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Debido a complexidade na divisións dad UD do módulo poderá ser preciso modificar a secuencia establecida adiantando parte dos contidos. Exemplo: Sendo a primeira UD teórica adiantazos un pouco de práctica da segunda, non influíndo isto na duración (nun principio) das mesmas. Teremos tamén en conta que a maiorira das UD necesitan dos coñecementos, prácticas, actitudes das anteriores e ás veces das posteriores. Haberá polo tanto unha marxe de flexibilidade.
Isto sucederá tamén entre a primeira e a segunda avaliación, por exemplo, intercambiando tinguiduras e descoloracións

3. FICHA DO ALUMNO

A ficha do alumno vai ser unha ferramenta básica para o/a profesor/a para garantir o correcto seguimento da evolución do alumnado. Vai conter como mínimo as seguintes informacións:
* Datos persoais do/a alumno/a.
Grupo de traballo asignado.
Cadro de asistencia.
Cadro de seguimento das tarefas realizadas, incluíndo datas de inicio e remate, valoración da tarefa, etc.
Adaptacións específicas:
- Reforzos.

4. Perda dereito de avaliación continua

O alumnado perderá o dereito de avaliación continua cando acade 10% de faltas de asistencia sin xustificar ou un 20% de faltas xustificadas e sen xustificar.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000200 - Peiteado e cosmética capilar	CM

Módulo
MP0844 - Cosmética para peiteado (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
5	131	50	157	157	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Cid Borrajo, Antonio

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 4

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 11

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 36

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 36

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 37

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 38

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 38

8.1. Programación da educación en valores. 38

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 39

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 39

11.1. Outros apartados. 40

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Esta programación corresponde ao módulo de cosmética para peiteado, do ciclo formativo Peiteado e Cosmética Capilar de grao medio.Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudios a través dos ciclos formativos de Grao Superior, previa superación da proba de acceso. A duración é dun curso académico, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S.12 Outubro. Centro situado na Av. de Santiago, 2. 32001 Ourense.
Como se da unha gran variedade de situacións no contexto socio - laboral, para cada alumno, planificouse esta programación, adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.
A figura de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis
concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servicios, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:
_ Salóns de beleza.
_ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
_ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
_ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servicios fúnebres.
_ Clínicas de medicina estética.
_ Departamento de estética das TV.
_ Estudios de gravacións.
_ Estudios de fotografía e video.
_ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
_ Escolas de asesoría de imaxe.
No I.E.S. 12 Outubro, impártense dous ciclos medios e un superior da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética Persoal Decorativa, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar e Estética integral e benestar, convivindo con outras Familias profesionais e outras ensinanzas como son a E.S.O. e os Bacharelatos.
O Centro posee todo tipo de instalacións:

Aulas Taller dos diferentes ciclos	Pabellón deportivo
Biblioteca	Aulas comúns
Departamentos	Aulas polivalentes
Salas do Profesorado	Aulas de Informática
Despachos do equipo directivo	Laboratorios de fisica,bioloxia
Secretaria	Salón de actos
Conserxeria	Ximnasio
Bar	

Os alumnos de ensinanza obligatoria acuden ao centro no transporte escolar. Hay servicio de comedor. O alumnado do módulo é maioritariamente feminino. A súa procedencia é rural xeralmente do municipio ou municipios limítrofes, ó centro tanto en transporte público como particular. O nivel sociocultural e o nivel socioeconómico familiar é variado. Respecto ao nivel académico, son alumnos procedentes da ESO, ESA ou bacheralato, e tamén dalgún outro ciclo, xeralmente do ciclo medio de Estética.
Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	Identificar os compostos químicos presentes nun cosmético, o pH e saber diferenciar as principais reaccións químicas que teñen lugar no cabelo coa aplicación de determinados cosméticos.	25	33
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	Coñecer os útiles, equipamentos, materias primas e operacións para a preparación de cosméticos sinxelos.	20	20

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
3	Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado	Identificar os principios activos dos cosméticos empregados nos diferentes traballos técnicos de perrucaría.	25	70
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino.	Describir os cosméticos empregados nos procesos de manicura, pedicura, tratamento de mans e pes e afeitado masculino.	20	18
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos.	Coñecer a normativa para a aplicación, manipulación e almacenamento de produtos cosméticos e as medidas hixiénicas na súa preparación.	5	8
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	Analizar as liñas comerciais de cosméticos de peiteado	5	8

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	33

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.		
CA1.1 - Identificáronse as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.	PE	7
CA1.2 - Especificouse a función dos principios activos, os excipientes e os aditivos nos cosméticos.	PE	10
CA1.3 - Relacionáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.	PE	7
CA1.4 - Caracterizáronse os elementos que constitúen a parte externa dun cosmético.	PE	10
CA1.5 - Indicouse a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.	PE	7
CA1.6 - Valorouse a importancia da parte externa do cosmético como medio de información á poboación consumidora.	PE	7
CA1.7 - Identificáronse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.	PE	7
CA1.8 - Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.	PE	10
CA1.9 - Clasificáronse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.	PE	7
CA1.10 - Describíronse as reaccións redox nas que interveñen os cosméticos.	PE	7

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.11 - Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.	PE	7
CA1.12 - Estableceuse a diferenza entre medicamento e nutricosmético.	PE	7
CA1.13 - Identificáronse as substancias prohibidas e as restrinxidas.	PE	7

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado
Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.
Concepto de cosmético. Diferenzas entre cosmético, medicamento e nutricosmético.
Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.
Partes dun cosmético: parte interna. Compoñentes do cosmético: principio activo, excipiente ou base, aditivos (conservantes, perfumes e colorantes) etc.
Parte externa: envase, cartonaxe e prospecto. Importancia como medio de información e como elemento do márketing.
Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos. Substancias prohibidas e restrinxidas en formulación cosmética.
Etiquetaxe: requisitos, símbolos (PAO) e normas que ten que cumprir.
Nomenclatura ou código INCI.

UD	Título da UD	Duración
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	20

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Prepara produtos cosméticos para peiteado, para o que interpreta os procedementos de elaboración.		
CA2.1 - Identificáronse o material e os equipamentos de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos.	PE	20
CA2.2 - Realizáronse as operacións básicas para elaborar cosméticos: medidas de peso e de volume.	PE	10
CA2.3 - Especificáronse protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos, ademais das medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio e nos establecementos de peiteado que cumpra aplicar na preparación de produtos cosméticos.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.4 - Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.	PE	10
CA2.5 - Caracterizáronse as formas cosméticas.	PE	10
CA2.6 - Determináronse as pautas de elaboración en función do tipo de cosmético que se vai preparar.	PE	10
CA2.7 - Preparáronse cosméticos sinxelos empregando as materias primas, o material e os equipamentos adecuados.	PE	10
CA2.8 - Seguíronse as pautas de limpeza e colocación do material de laboratorio empregado.	PE	10
CA2.9 - Elimináronse de xeito selectivo os residuos de refugo xerados	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Preparación de produtos cosméticos para peiteado
Laboratorio cosmético: utensilios e equipamentos; materias primas.
Operacións elementais na preparación de cosméticos.
Protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos. Colocación do material de laboratorio empregado. Medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio.
Composición cualitativa e cuantitativa dun cosmético. Formas cosméticas: sistemas homoxéneos e heteroxéneos. Tipos, características e propiedades: emulsións, disolucións, suspensións, pos, xeles, aerosois, espumas, soportes impregnados etc.
Pautas de preparación de cosméticos para peiteado. Fórmula cosmética: fases na elaboración. Criterios de valoración do produto final.
Xestión de residuos e reciclaxe de materiais.

UD	Título da UD	Duración
3	Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado	70

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Selecciona cosméticos, tendo en conta a relación entre as súas características e o proceso técnico de peiteado.		
CA3.1 - Diferenciáronse os tipos de cosméticos que se empregan nun establecemento de peiteado.	PE	10

Criterios de avaliación	IA	%
CA3.2 - Relacionouse o mecanismo de acción dun xampú cos ingredientes activos que conteña.	PE	10
CA3.3 - Relacionouse a composición dun acondicionador cos efectos que orixina na fibra capilar.	PE	10
CA3.4 - Determináronse os efectos dos protectores sobre a fibra capilar.	PE	10
CA3.5 - Establecéronse as transformacións que teñen lugar na fibra capilar nos procesos de cambio de forma temporal do cabelo.	PE	10
CA3.6 - Relacionouse a aplicación dos cosméticos específicos do proceso de cambio permanente do cabelo cos cambios químicos que teñen lugar nel.	PE	10
CA3.7 - Identificáronse os compoñentes dos cosméticos para cambios de cor e a súa acción sobre o talo capilar.	PE	10
CA3.8 - Recoñecéronse os cosméticos para as alteracións capilares que se empregan habitualmente en establecementos de peiteado.	PE	10
CA3.9 - Valorouse a importancia da elección do cosmético adecuado en cada proceso técnico.	PE	10
CA3.10 - Identificáronse a composición e os efectos dos fixadores capilares.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Selección de cosméticos para procesos técnicos de peiteado
Clasificación dos cosméticos empregados en peiteado.
Cosméticos para a hixiene do cabelo: composición, mecanismo de actuación e clasificación. Criterios de selección. Sucidade capilar e do coiro cabeludo.
Cosméticos para o acondicionamento do cabelo: mecanismo de actuación, formulación e formas cosméticas. Criterios de selección.
Cosméticos protectores do cabelo: mecanismo de actuación, efectos e forma de aplicación. Criterios de selección.
Cosméticos para cambios de forma temporal do cabelo: fundamento científico, composición, forma de actuar e tipos. Composición e efectos dos fixadores capilares. Criterios de selección.
Cosméticos para cambios de forma permanente do cabelo: fundamento científico, composición, forma de actuar e tipos. Cosméticos redutores e neutralizantes: activos cosméticos, acción cosmética e lexislación. Criterios de selección.
Cosméticos para cambios de cor do cabelo. Tinturas (temporais, semipermanentes e permanentes) e descolorantes capilares: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas e precaucións. Compostos que interveñen nos procesos de cambios de cor: influencia e efectos das formas cosméticas de auga osixenada e os álcalis. Criterios de selección.
Cosméticos para alteracións capilares. Criterios de selección.

UD	Título da UD	Duración
4	Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino.	18

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Identifica os cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés e peiteado masculino, tendo en conta a relación entre a composición e os seus efectos.		
CA4.1 - Identificáronse os cosméticos para manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés.	PE	10
CA4.2 - Relacionáronse os seus principios activos co mecanismo de acción.	PE	20
CA4.3 - Relacionouse a forma cosmética co modo de aplicación.	PE	10
CA4.4 - Seleccionouse o cosmético adecuado a cada fase do proceso.	PE	10
CA4.5 - Especificáronse os cosméticos empregados no proceso de afeitado en establecementos de peiteado.	PE	10
CA4.6 - Estableceuse a acción de cada cosmético empregado nas técnicas de barbaría, en función dos seus principios activos.	PE	20
CA4.7 - Seleccionouse o cosmético adecuado segundo as características da clientela.	PE	10
CA4.8 - Identificouse a cosmética masculina de protección e de tratamento.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Cosméticos para os procesos de tratamento de mans e pés, e peiteado masculino
Cosméticos de manicura e pedicura. Clasificación.
Características dos cosméticos de manicura e pedicura: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego.
Criterios de selección dos produtos empregados en manicura e pedicura.
Cosméticos de tratamentos de mans e pés: hixiene, tratamentos e uñas artificiais
Clasificación dos cosméticos para os procesos de afeitado: cosméticos preafeitado, específicos para o afeitado e postafeitado.
Características: composición, mecanismo de acción, formas cosméticas, finalidade e modo de emprego. Criterios de selección dos cosméticos para o afeitado.
Cosmética masculina de protección e de tratamento.

UD	Título da UD	Duración
5	Manipulación e almacenamento de cosméticos.	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Manipula e almacena cosméticos, analizando as condicións óptimas de conservación.		
CA5.1 - Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos.	PE	20
CA5.2 - Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas.	PE	10
CA5.3 - Identificáronse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos.	PE	20
CA5.4 - Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación.	PE	10
CA5.5 - Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos.	PE	10
CA5.6 - Aplicáronse as pautas de recollemento dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente.	PE	10
CA5.7 - Enumeráronse as precaucións que debe seguir o personal para previr riscos e doenzas profesionais	PE	10
CA5.8 - Pautouse o xeito de actuar do profesional ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Manipulación e almacenamento de cosméticos
Estabilidade e alteracións dos cosméticos: causas e factores.
Conservación e almacenamento de cosméticos.
Manipulación de produtos cosméticos: medidas hixiénicas na preparación e na aplicación.
Alteracións relacionadas coa manipulación e a aplicación de cosméticos: causas, consecuencias, prevención e xeito de actuación.
Doenzas profesionais relacionadas coa manipulación de cosméticos en peiteado: prevención e xeito de actuación.
Normativa sobre recollida de produtos cosméticos contaminados e alterados.

UD	Título da UD	Duración
6	Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado.	8

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Aplica pautas de venda de cosméticos, informando sobre as súas características, as súas funcións e os seus efectos.		
CA6.1 - Identificáronse as liñas comerciais de cosméticos para peiteado.	PE	20
CA6.2 - Establecéronse as diferenzas entre os cosméticos de venda ao público e os de uso profesional.	PE	20
CA6.3 - Especificáronse os establecementos de venda de cosméticos para peiteado.	PE	20
CA6.4 - Realizáronse fichas informativas sobre os efectos e a aplicación de cosméticos.	PE	10
CA6.5 - Relacionouse o consello profesional coa mellora do servizo de venda de cosméticos.	PE	10
CA6.6 - Determinouse a importancia de manter unha constante actualización en produtos de innovación en peiteado.	PE	10
CA6.7 - Utilizáronse medios para obter información sobre innovacións cosméticas para peiteado.	PE	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Aplicación de pautas de venda de cosméticos de peiteado
Liñas comerciais de cosméticos para peiteado.
Cosméticos de venda ao público e cosméticos para profesionais.
Establecementos de venda de cosméticos para peiteado.
Venda de cosméticos en establecementos de peiteado: información e asesoría profesional.
Innovacións en cosmética para peiteado. Fontes de información.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Caracterización de cosméticos para peiteado	33

	Actividade	Descrición	Duración
1	Concepto de átomo, molécula e compostos orgánicos e inorgánicos.	Realización de exercicios de formulación química orgánica e inorgánica.	9

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.7 - Identificáronse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.1 - Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.

Obxectivos específicos

Identificar Identificar os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético.

Resultados ou produtos

Cuestionario resolto

Recursos específicos

Proxector, Retroproxector, Caderno de exercicios, Libro de texto, internet...

	Actividade	Descrición	Duración
2	Expresións de concentración	Expresión de medidas de concentración e a súa relación coas sustancias de uso frecuente en peluquería	7

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.8 - Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.1 - Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.

Obxectivos específicos

Diferenciar as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.

Resultados ou produtos

Cuestionario resolto

Recursos específicos

Libro de texto, Caderno de exercicios, Proxector....

	Actividade	Descrición	Duración
3	Clasificación das sustancias químicas.	Clasificar as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.	3

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.9 - Clasificáronse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.1 - Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.

Obxectivos específicos

Clasificar as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH.

Resultados ou produtos

Cuestionario resolto

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
4	Reaccións redox	Describir as reaccións redox nas que interveñan os cosméticos	2

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.10 - Describíronse as reaccións redox nas que interveñen os cosméticos.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.1 - Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.

Obxectivos específicos

Describir as reaccións redox en que interveñan os cosméticos.

Resultados ou produtos

Cuestionario resolto

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
5	Formulación cosmética	Explicar a química orgánica básica.	2

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.11 - Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.1 - Principios básicos da química aplicados á cosmética para peiteado: átomo, molécula, concentracións, pH, reaccións redox, compostos orgánicos e inorgánicos.

Obxectivos específicos

Xustificar o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética.

Resultados ou produtos

Cuestionario resolto

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
6	Composición dun cosmético	Composición dun cosmético	3

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.2 - Especificouse a función dos principios activos, os excipientes e os aditivos nos cosméticos.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.4 - Partes dun cosmético: parte interna. Compoñentes do cosmético: principio activo, excipiente ou base, aditivos (conservantes, perfumes e colorantes) etc.

Obxectivos específicos

Definir os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizar a función de cada un.

Resultados ou produtos

Cuestionario

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
7	Características dun cosmético	Características ténico-sanitarias dun cosmético	1

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.1 - Identificáronse as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.3 - Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.

Obxectivos específicos

Identificar as características do produto cosmético segundo a regulamentación técnico-sanitaria.

Resultados ou produtos

Cuestionario

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
8	Explicar o concepto de nutricosmético e a súa regulamentación	Diferencia entre medicamento e cosmético.	2

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.8 - Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético.

CA1.12 - Estableceuse a diferenza entre medicamento e nutricosmético.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.2 - Concepto de cosmético. Diferenzas entre cosmético, medicamento e nutricosmético.

Obxectivos específicos

Establecer a diferencia entre medicamento e nutricosmético.

Resultados ou produtos

Traballo resumo da búsqueda da regulamentación en internet

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
9	Función dun cosmético	Relacionar as substancias empregadas coa función que desempeñan	1

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.3 - Relacionáronse as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.6 - Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos. Substancias prohibidas e restrinxidas en formulación cosmética.

Obxectivos específicos Relacionar as características das substancias empregadas nos cosméticos coa función que desempeñan.
Resultados ou produtos Cuestionario
Recursos específicos Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto..

	Actividade	Descrición	Duración
10	Normativa do etiquetaxe dun cosmético	Etiquetaxe.	2

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.4 - Caracterizáronse os elementos que constitúen a parte externa dun cosmético.

CA1.5 - Indicouse a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.

CA1.6 - Valorouse a importancia da parte externa do cosmético como medio de información á poboación consumidora.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.5 - Parte externa: envase, cartonaxe e prospecto. Importancia como medio de información e como elemento do márketing.

C1.7 - Etiquetaxe: requisitos, símbolos (PAO) e normas que ten que cumprir.

C1.8 - Nomenclatura ou código INCI.

Obxectivos específicos Indicar a normativa que ten que cumprir a etiquetaxe.
Resultados ou produtos Estudo dunha etiqueta dun cosmético para comprobar a nomenclatura INCI.
Recursos específicos Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

	Actividade	Descrición	Duración
11	Sustancias prohibidas ou restrinxidas	Normativa das sustancias prohibidas y restrinxidas.	1

	Actividade	Descrición	Duración
11	nun cosmético	Normativa das sustancias prohibidas y restrinxidas.	1

Criterios de avaliación

RA1 - Caracteriza os cosméticos, para o que analiza a súa composición e a súa presentación.

CA1.13 - Identifícáronse as substancias prohibidas e as restrinxidas.

Contidos

BC1 - Caracterización de cosméticos para peiteado

C1.6 - Substancias empregadas frecuentemente nos cosméticos. Substancias prohibidas e restrinxidas en formulación cosmética.

Obxectivos específicos

Identificar as substancias prohibidas y restrinxidas.

Resultados ou produtos

Traballo resumo da búsqueda da regulamentación en internet

Recursos específicos

Proxector, Caderno de exercicios, Libro de texto...

UD	Título da UD	Duración
2	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	20

	Actividade	Descrición	Duración
1	Preparación de produtos cosméticos para peiteado	Coñecer os útiles, equipamentos, materias primas e operacións para a preparación de cosméticos sinxelos.	20

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara produtos cosméticos para peiteado, para o que interpreta os procedementos de elaboración.

CA2.1 - Identifícaronse o material e os equipamentos de laboratorio empregados na preparación de produtos cosméticos.

CA2.2 - Realizáronse as operacións básicas para elaborar cosméticos: medidas de peso e de volume.

CA2.3 - Especificáronse protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos, ademais das medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio e nos establecementos de peiteado que cumpra aplicar na preparación de produtos cosméticos.

CA2.4 - Estableceuse a diferenza entre composición cuantitativa e cualitativa.

CA2.5 - Caracterizáronse as formas cosméticas.

CA2.6 - Determináronse as pautas de elaboración en función do tipo de cosmético que se vai preparar.

CA2.7 - Preparáronse cosméticos sinxelos empregando as materias primas, o material e os equipamentos adecuados.

CA2.8 - Seguíronse as pautas de limpeza e colocación do material de laboratorio empregado.

CA2.9 - Elimináronse de xeito selectivo os residuos de refugo xerados

Contidos

BC2 - Preparación de produtos cosméticos para peiteado

C2.1 - Laboratorio cosmético: utensilios e equipamentos; materias primas.

C2.2 - Operacións elementais na preparación de cosméticos.

C2.3 - Protocolos de hixiene e desinfección de materiais e equipamentos. Colocación do material de laboratorio empregado. Medidas hixiénico-sanitarias do persoal profesional no laboratorio.

C2.4 - Composición cualitativa e cuantitativa dun cosmético. Formas cosméticas: sistemas homoxéneos e heteroxéneos. Tipos, características e propiedades: emulsións, disolucións, suspensións, pos, xeles, aerosois, espumas, soportes impregnados etc.

C2.5 - Pautas de preparación de cosméticos para peiteado. Fórmula cosmética: fases na elaboración. Criterios de valoración do produto final.

C2.6 - Xestión de residuos e reciclaxe de materiais.

Obxectivos específicos

Identificar os produtos cosméticos para peiteado, para o que interpreta os procedementos de elaboración.

Resultados ou produtos
Cuestionario resolto, Identificación do material, traballo sobre os distintos cosméticos preparados
Recursos específicos
Proxector, caderno de exercicios, libro de texto, laboratorio

UD	Título da UD	Duración
5	PLAN DE TRANSFORMACIÓN.	Elabora un plan de transformación ao concepto 4.0 dunha empresa clásica do sector no que se enmarca o título, baseada nunha economía lineal, determinando os cambios para introducir nas principais fases do sistema e indicando como afectaría os recursos humanos Recollemos todo o traballo das unidades anteriores nun proxecto e rematamos cunha análise do cambio dun salón de beleza tradicional o novo salón de beleza actual.	20	3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	ECONOMIA LINEAL E CIRCULAR	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Establece as diferenzas entre a economía lineal (EL) e a economía circular (EC), identificando as vantaxes da EC en relación co ambiente e co desenvolvemento sostible		
CA1.1 - Identificáronse as etapas típicas dos modelos baseados na EL e os baseados na EC.	PE	16
CA1.2 - Analizáronse as etapas dos modelos de EL e EC, e a súa repercusión ambiental.	PE	16
CA1.3 - Valorouse a importancia da reciclaxe nos modelos económicos.	PE	16
CA1.4 - Identificáronse procesos reais baseados na EL.	TO	16
CA1.5 - Identificáronse procesos reais baseados na EC.	TO	16

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.6 - Comparáronse os modelos anteriores en relación co seu impacto ambiental e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).	TO	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Conceptos da economía lineal e da economía circular
O proceso produtivo nos modelos de empresas baseados na economía lineal e circular. Definición. Fases. Custos. Cadea de valor.
Modelos de empresa e afectación do ambiente.
Eficiencia na utilización de materiais e servizos. Importancia da reciclaxe nos modelos económicos. Reutilización de materias primas e produtos.
Comparativa dos modelos en relación co seu impacto ambiental e cos obxectivos de desenvolvemento sostible.

UD	Título da UD	Duración
2	A 4ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Caracteriza os principais aspectos da cuarta revolución industrial indicando os cambios e as vantaxes que se producen desde o punto de vista tanto da clientela como das empresas		
CA2.1 - Relacionáronse os sistemas ciberfísicos coa evolución industrial.	PE	18
CA2.2 - Analizáronse os cambios producidos nos sistemas automatizados.	PE	16
CA2.3 - Describiuse a combinación da parte física das industrias co software, internet das cousas (IoT), comunicacións etc.	TO	16
CA2.4 - Describiuse a relación entre o mundo físico e o virtual.	PE	16
CA2.5 - Relacionouse a migración a contornas 4.0 coa mellora dos resultados das empresas.	TO	16
CA2.6 - Identificáronse as vantaxes para a clientela e as empresas.	TO	18

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

Contidos
BC2 - Cuarta revolución industrial
Sistemas ciberfísicos. Relación coa evolución industrial.
Sistemas automatizados. Cambios provocados pola cuarta revolución. Elementos característicos.
Relacións entre o mundo virtual e o mundo físico. Comunicación en rede. Tarefas compartidas. Posicionamento dixital.
Cambios producidos nas contornas 4.0. Vantaxes producidas: proceso innovador da actividade empresarial dixitalización como vantaxe competitiva. Lexislación dixital: dereitos e deberes da cidadanía. Pegada dixital.

UD	Título da UD	Duración
3	CLOUD E SISTEMAS CONECTADOS.	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Identifica a estrutura dos sistemas baseados na nube, describindo a súa tipoloxía e o seu campo de aplicación		
CA3.1 - Identifícáronse os niveis da nube.	PE	16
CA3.2 - Identifícáronse as principais funcións da nube (procesamento de datos, intercambio de información, execución de aplicacións etc.).	PE	16
CA3.3 - Describiuse o concepto de edge computing e a súa relación coa nube.	PE	18
CA3.4 - Definíronse os conceptos de fog e mist, e as súas zonas de aplicación no conxunto.	TO	25
CA3.5 - Identifícáronse as vantaxes que proporciona a utilización da nube nos sistemas conectados.	TO	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Xestión na nube (cloud) e sistemas conectados
Cloud. Definición e niveis. Infraestrutura como servizo (IaaS). Plataforma como servizo (Paas). Software como servizo (Saas).
Posibilidades do traballo na nube.
Edge computing e a súa relación coa nube.
Fog e mist. Relación coa nube.
Vantaxes do uso dos recursos da nube. Protección de datos. Interoperabilidade. Mobilidade. Traballo cooperativo.

Contidos
Uso da nube e a rendibilidade da empresa. Novas estruturas organizativas. Flexibilidade horaria. Internacionalización. Aproveitamento dos espazos físicos e outros recursos. Paquetes integrados/suite.

UD	Título da UD	Duración
4	CARACTERÍSTICAS DOS SISTEMAS PRODUCTIVOS.	4

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Compara os sistemas de produción e prestación de servizos dixitalizados cos sistemas clásicos, identificando as melloras introducidas		
CA4.1 - Identificáronse as tecnoloxías THD actuais que definen un sistema dixitalizado.	PE	13
CA4.2 - Describíronse as características e as aplicacións de IoT, IA, big data, tecnoloxía 5G, robótica colaborativa, blockchain, ciberseguridade, fabricación aditiva, realidade virtual, xemelgos dixitais etc.	PE	12
CA4.3 - Describiuse a contribución das THD á mellora da produtividade e á eficiencia dos sistemas produtivos ou de prestación de servizos.	PE	12
CA4.4 - Relacionouse o aliñamento entre as unidades funcionais das empresas que conforman o sistema e o obxectivo deste.	PE	12
CA4.5 - Relacionouse a implantación das tecnoloxías habilitadoras (sensórica, tratamento de datos, automatización, comunicacións etc.) coa redución de custos e a mellora da competitividade.	TO	12
CA4.6 - Relacionáronse as tecnoloxías disruptivas con aplicacións concretas nos sectores produtivos.	TO	12
CA4.7 - Definíronse os sistemas de almacenamento de datos non convencionais e o acceso a eles desde cada unidade.	TO	12
CA4.8 - Describíronse as melloras producidas no sistema e en cada unha das súas etapas.	TO	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Características dos sistemas de produción
Tecnoloxías habilitadoras (THD) actuais. Características e aplicacións de internet das cousas (IoT), intelixencia artificial (IA), big data e tratamento de datos, tecnoloxía 5G, fibra óptica, robótica colaborativa (cobótica), blockchain, ciberseguridade, fabricación aditiva, realidades inmersivas (realidade virtual -RV-, RM etc.), xemelgos dixitais, etc.
Relación entre THD e produtividade.
Implantación das tecnoloxías habilitadoras. Relación coa redución de custos e coa mellora da competitividade.
Sistemas dixitalizados reais. Exemplos.

Contidos
Sistemas de almacenamento de datos non convencionais.

UD	Título da UD	Duración
5	PLAN DE TRANSFORMACIÓN.	3

Criterios de avaliación	IA	%
RA5 - Elabora un plan de transformación ao concepto 4.0 dunha empresa clásica do sector no que se enmarca o título, baseada nunha economía lineal, determinando os cambios para introducir nas principais fases do sistema e indicando como afectaría os recursos humanos		
CA5.1 - Definiuse a nivel de bloques o diagrama de funcionamento da empresa clásica.	PE	13
CA5.2 - Identificáronse as etapas susceptibles de seren dixitalizadas.	PE	12
CA5.3 - Defiríronse as tecnoloxías implicadas en cada etapa.	PE	12
CA5.4 - Estableceuse a conexión das etapas dixitalizadas co resto do sistema.	PE	12
CA5.5 - Elaborouse un diagrama de bloques do sistema dixitalizado.	TO	12
CA5.6 - Elaborouse un informe de viabilidade e das melloras introducidas.	TO	12
CA5.7 - Analizouse a mellora na produción e na xestión de residuos, entre outras.	TO	12
CA5.8 - Elaborouse un documento coa secuencia do plan de transformación e os recursos empregados.	TO	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Plan de transformación dixital
Configuración dunha empresa clásica. Dixitalización da empresa ou de unidades desta.
Plan de transformación. Análise de necesidades dixitais. Custo de oportunidade. Análise de alternativas. Obxectivos e resultados.
THD implicadas na dixitalización das etapas. Relación entre etapas.
Configuración da empresa dixitalizada. Cambios introducidos. Melloras producidas. Mecanismos de análise e control.
Recursos empregados. Selección dos recursos dixitais necesarios. Plan de formación dixital.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	ECONOMIA LINEAL E CIRCULAR	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Economía circular no salón de beleza.	O alumnado crea un salón de beleza sostible, analizando primeiro como funciona cun modelo de economía lineal e despois propoñendo melloras para transformalo nun modelo de economía circular, incluíndo reciclaxe e relación cos ODS. Finalmente elabora un logo do seu salón de economía circular en CANVA.	4

Criterios de avaliación

RA1 - Establece as diferenzas entre a economía lineal (EL) e a economía circular (EC), identificando as vantaxes da EC en relación co ambiente e co desenvolvemento sostible

CA1.1 - Identificáronse as etapas típicas dos modelos baseados na EL e os baseados na EC.

CA1.2 - Analizáronse as etapas dos modelos de EL e EC, e a súa repercusión ambiental.

CA1.3 - Valorouse a importancia da reciclaxe nos modelos económicos.

CA1.4 - Identificáronse procesos reais baseados na EL.

CA1.5 - Identificáronse procesos reais baseados na EC.

CA1.6 - Comparáronse os modelos anteriores en relación co seu impacto ambiental e os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).

Contidos

BC1 - Conceptos da economía lineal e da economía circular

C1.1 - O proceso produtivo nos modelos de empresas baseados na economía lineal e circular. Definición. Fases. Custos. Cadea de valor.

C1.2 - Modelos de empresa e afectación do ambiente.

C1.3 - Eficiencia na utilización de materiais e servizos. Importancia da reciclaxe nos modelos económicos. Reutilización de materias primas e produtos.

C1.4 - Comparativa dos modelos en relación co seu impacto ambiental e cos obxectivos de desenvolvemento sostible.

Obxectivos específicos

Identificar as etapas típicas dos modelos basados en EL e EC. Analizar cada etapa dos modelos e a súa repercusión no medio ambiente. Valorar a importancia da reciclaxe. Identificar os procesos reales basados na EL, EC. Comparar os modelos anteriores en relación co seu impacto medioambiental e os ODS.

Resultados ou produtos
Aprendizaxe dos principais conceptos: apuntamentos e esquemas. Resolución dun caso práctico que recolle todos os obxetivos específicos paso a paso e que pon en práctica o aprendido. Dito caso práctico individual ou por parellas formará parte do proxecto final. Presentación do caso práctico nun informe.(Word). Logo en CANVA de EC. Reflexions, comentarios e análise de cada caso.
Recursos específicos
Pantalla dixital, ordenador, presentacions P.P, CANVA, procesador de texto WORD, a rede, aula virtual, videos, libro de texto.

UD	Título da UD	Duración
2	A 4ª REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Mi salón de beleza 4.0	O alumnado deseña a dixitalización do seu salón, incorporando tecnoloxías da cuarta revolución industrial (IoT, sistemas automatizados, conexión entre o mundo físico e virtual) e explicando como estas melloras benefician ao negocio e á clientela. O final o alumno solicita presupostos dunha WIFI para o seu salón.	4

Criterios de avaliación

RA2 - Caracteriza os principais aspectos da cuarta revolución industrial indicando os cambios e as vantaxes que se producen desde o punto de vista tanto da clientela como das empresas

CA2.1 - Relacionáronse os sistemas ciberfísicos coa evolución industrial.

CA2.2 - Analizáronse os cambios producidos nos sistemas automatizados.

CA2.3 - Describiuse a combinación da parte física das industrias co software, internet das cousas (IoT), comunicacións etc.

CA2.4 - Describiuse a relación entre o mundo físico e o virtual.

CA2.5 - Relacionouse a migración a contornas 4.0 coa mellora dos resultados das empresas.

CA2.6 - Identificáronse as vantaxes para a clientela e as empresas.

Contidos

BC2 - Cuarta revolución industrial

C2.1 - Sistemas ciberfísicos. Relación coa evolución industrial.

C2.2 - Sistemas automatizados. Cambios provocados pola cuarta revolución. Elementos característicos.

C2.3 - Relacións entre o mundo virtual e o mundo físico. Comunicación en rede. Tarefas compartidas. Posicionamento dixital.

C2.4 - Cambios producidos nas contornas 4.0. Vantaxes producidas: proceso innovador da actividade empresarial dixitalización como vantaxe competitiva. Lexislación dixital: dereitos e deberes da cidadanía. Pegada dixital.

Obxectivos específicos

Relacionar os sitemas ciberfísicos con a evolución industrial. Analizar o cambio producido nos sistemas automatizados. Describir a combinación da parte física das industrias e a interacción do mundo físico e virtual. Relacionar a migración dos entornos 4.0 ca mellora dos resultados nas empresas. Identificar as ventaxas para a clientela e empresas.

Resultados ou produtos

Apuntamentos, esquemas. O alumno sigue resolvendo o caso práctico que analiza punto por punto os obxetivos específicos, no seu salón de beleza. Informe en word dos puntos do caso práctico e presentación en excell de proposta de WIFI. Email a proveedor da rede.

Recursos específicos

Pantalla dixital, ordenador, aplicacions específicas: Word, excell, outlook; presentacions de conceptos: P.P, CANVA. A rede: videos, aula virtual. Libro de texto.

UD	Título da UD	Duración
3	CLOUD E SISTEMAS CONECTADOS.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Mi salón de beleza na nube.	O alumnado planifica o uso da nube no seu salón de beleza, identificando os niveis e funcións dos servizos na nube (almacenamento, xestión de citas, intercambio de información) e explicando o papel do edge, fog e mist computing. O final o alumno diseñará unha icografía en CANVA de peiteados na peluquería para a súa clientela.	4

Criterios de avaliación

RA3 - Identifica a estrutura dos sistemas baseados na nube, describindo a súa tipoloxía e o seu campo de aplicación

CA3.1 - Identificáronse os niveis da nube.

CA3.2 - Identificáronse as principais funcións da nube (procesamento de datos, intercambio de información, execución de aplicacións etc.).

CA3.3 - Describiuse o concepto de edge computing e a súa relación coa nube.

CA3.4 - Definíronse os conceptos de fog e mist, e as súas zonas de aplicación no conxunto.

CA3.5 - Identificáronse as vantaxes que proporciona a utilización da nube nos sistemas conectados.

Contidos

BC3 - Xestión na nube (cloud) e sistemas conectados

C3.1 - Cloud. Definición e niveis. Infraestrutura como servizo (IaaS). Plataforma como servizo (Paas). Software como servizo (Saas).

C3.2 - Posibilidades do traballo na nube.

C3.3 - Edge computing e a súa relación coa nube.

C3.4 - Fog e mist. Relación coa nube.

C3.5 - Vantaxes do uso dos recursos da nube. Protección de datos. Interoperabilidade. Mobilidade. Traballo cooperativo.

C3.6 - Uso da nube e a rendibilidade da empresa. Novas estruturas organizativas. Flexibilidade horaria. Internacionalización. Aproveitamento dos espazos físicos e outros recursos. Paquetes integrados/suite.

Obxectivos específicos

Identificar os distintos niveis da cloud. Identificar as principais funcions da nube. Describir o concepto de edge computing e a súa relación con a cloud. Identificar os conceptos fog, mist e a súa aplicación. Identificar as ventaxas que proporciona a utilización do cloud nos sistemas conectados.

Resultados ou produtos

Apuntamentos, esquemas. Caso práctico "O salón de beleza" resolto, punto por punto, reflexions, análise do proxecto neste punto. Presentación en word desta parte. Icografía de peiteados en CANVA.

Recursos específicos

Pantalla dixital, ordenador, programas específicos: Word, CANVA. A rede: videos, presentación P.P., CANVA. Libro de texto.

UD	Título da UD	Duración
4	CARACTERÍSTICAS DOS SISTEMAS PRODUCTIVOS.	4

	Actividade	Descrición	Duración
1	Transformación dixital no salón de beleza.	O alumnado compara o funcionamento clásico do salón cun sistema dixitalizado, identificando as tecnoloxías habilitadoras (THD) que poden aplicarse (IA, Big Data, robótica, 5G, blockchain, etc.) e describindo as melloras na eficiencia e produtividade. Finalmente o alumno crea a imaxe do salón de beleza nas redes sociais.	4

Criterios de avaliación

RA4 - Compara os sistemas de produción e prestación de servizos dixitalizados cos sistemas clásicos, identificando as melloras introducidas

CA4.1 - Identificáronse as tecnoloxías THD actuais que definen un sistema dixitalizado.

CA4.2 - Describíronse as características e as aplicacións de IoT, IA, big data, tecnoloxía 5G, robótica colaborativa, blockchain, ciberseguridade, fabricación aditiva, realidade virtual, xemelgos dixitais etc.

CA4.3 - Describiuse a contribución das THD á mellora da produtividade e á eficiencia dos sistemas produtivos ou de prestación de servizos.

CA4.4 - Relacionouse o aliñamento entre as unidades funcionais das empresas que conforman o sistema e o obxectivo deste.

CA4.5 - Relacionouse a implantación das tecnoloxías habilitadoras (sensórica, tratamento de datos, automatización, comunicacións etc.) coa redución de custos e a mellora da competitividade.

CA4.6 - Relacionáronse as tecnoloxías disruptivas con aplicacións concretas nos sectores produtivos.

CA4.7 - Definíronse os sistemas de almacenamento de datos non convencionais e o acceso a eles desde cada unidade.

CA4.8 - Describíronse as melloras producidas no sistema e en cada unha das súas etapas.

Contidos

BC4 - Características dos sistemas de produción

C4.1 - Tecnoloxías habilitadoras (THD) actuais. Características e aplicacións de internet das cousas (IoT), intelixencia artificial (IA), big data e tratamento de datos, tecnoloxía 5G, fibra óptica, robótica colaborativa (cobótica), blockchain, ciberseguridade, fabricación aditiva, realidades inmersivas (realidade virtual -RV-, RM etc.), xemelgos dixitais, etc.

C4.2 - Relación entre THD e produtividade.

C4.3 - Implantación das tecnoloxías habilitadoras. Relación coa redución de custos e coa mellora da competitividade.

C4.4 - Sistemas dixitalizados reais. Exemplos.

C4.5 - Sistemas de almacenamento de datos non convencionais.

Obxectivos específicos Identificar as tecnoloxías habilitadoras. Describir as características e aplicacions do LoT, IA,big data. 5G,robótica, blockchain, ciberseguridade... Describir a contribución destas tecnoloxías a millora da productividade e a eficacia dos procesos productivos. Relacionar todo isto de forma funcional dentro da empresa. Relacionar a implantación de tecnoloxías habilitadoras., disruptivas. Definir os sistemas de almacenamento de datos convencionais e o acceso os mesmos. Describir as melloras paso a paso.
Resultados ou produtos O alumno recolle os conceptos expostos en apuntamentos e equemas. Cuarta entrega do caso práctico do "Salón de beleza ". informe en word. Reflexions e debate grupal do que supón a incorporación da tecnoloxía na productividade da empresa e no caso particular do salón de beleza. Chuvia de ideas e incorporación delas no proxecto.
Recursos específicos Pantalla dixital, ordenador, programas específicos: Word, Canva. Presentacións conceptos: P.P., CANVA. A rede: videos, aula virtual. Libro de texto.

UD	Título da UD	Duración
5	PLAN DE TRANSFORMACIÓN.	3

	Actividade	Descrición	Duración
1	Plan de transformación do salón de beleza.	O alumnado integra todo o aprendido para elaborar un plan completo de transformación 4.0 do seu salón de beleza, definindo as etapas dixitalizables, as tecnoloxías necesarias, os recursos humanos implicados e as melloras acadadas no proceso. Presenta o proxecto na aula mediante ferramentas como P.P, CANVA.	3

Criterios de avaliación

RA5 - Elabora un plan de transformación ao concepto 4.0 dunha empresa clásica do sector no que se enmarca o título, baseada nunha economía lineal, determinando os cambios para introducir nas principais fases do sistema e indicando como afectaría os recursos humanos

CA5.1 - Definiuse a nivel de bloques o diagrama de funcionamento da empresa clásica.

CA5.2 - Identificáronse as etapas susceptibles de seren dixitalizadas.

CA5.3 - Definíronse as tecnoloxías implicadas en cada etapa.

CA5.4 - Estableceuse a conexión das etapas dixitalizadas co resto do sistema.

CA5.5 - Elaborouse un diagrama de bloques do sistema dixitalizado.

CA5.6 - Elaborouse un informe de viabilidade e das melloras introducidas.

CA5.7 - Analizouse a mellora na produción e na xestión de residuos, entre outras.

CA5.8 - Elaborouse un documento coa secuencia do plan de transformación e os recursos empregados.

Contidos

BC5 - Plan de transformación dixital

C5.1 - Configuración dunha empresa clásica. Dixitalización da empresa ou de unidades desta.

C5.2 - Plan de transformación. Análise de necesidades dixitais. Custo de oportunidade. Análise de alternativas. Obxectivos e resultados.

C5.3 - THD implicadas na dixitalización das etapas. Relación entre etapas.

C5.4 - Configuración da empresa dixitalizada. Cambios introducidos. Melloras producidas. Mecanismos de análise e control.

C5.5 - Recursos empregados. Selección dos recursos dixitais necesarios. Plan de formación dixital.

Obxectivos específicos

Definir a nivel bloques o diagrama de funcionamento da empresa clásica. Identificáronse as etapas susceptibles de ser dixitalizadas. Defíronse as tecnoloxías aplicadas en cada unha das etapas. Conectáronse estas etapas. Elaborar un diagrama de bloques do sistema dixital. Elaborar un informe de viabilidad e milloras introducidas. Analizar a millora na producción e xestión de residuos. Elaborar un documento final coa secuencia dun plan de transformación e recursos empleados.

Resultados ou produtos
Apuntamentos e esquemas dos principais conceptos. Presentación de diagramas de bloques do sistema dixitaliazado do salon de beleza de cada alumno. Incorporación desto e elaboración dun documento final analizando a millora no salon de beleza ca dixitalización e recursos empregados. O alumno incorpora esto último as partes do caso práctico do Salón de beleza, das unidades anteriores, nun proxecto final e presenta na aula o seu traballo.
Recursos específicos
Pantalla dixital, ordenador, programas específicos: Word, Canva. Presentacións conceptos: P.P., CANVA. A rede: videos, aula virtual. Libro de texto.

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Farase unha avaliación inicial para determinar o grao de coñecementos ou nivel de preparación de partida do alumnado. Para iso, nos primeiros días de clase, realizaránselle aos alumnos e ás alumnas cuestións sobre nocións básicas da materia, conceptos relacionados co módulo a impartir, etc.,en forma de debate o que permitirá á profesora facerse unha idea do terreo que ten para traballar. Rematando a sesión cun video introductorio da materia.

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	**UD 1**	**UD 2**	**UD 3**	**UD 4**	**UD 5**	**Total**
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**20**	**100**
Proba escrita	48	50	50	49	49	**49**
Táboa de observación	52	50	50	51	51	**51**

Procedemento e criterios de cualificación:

Os instrumentos de avaliación, en relación cos diferentes criterios para cada unidade didáctica, recóllense no apartado 3.3 desta programación.
En canto aos criterios de cualificación, os exames ponderarán un 50 % da nota final, mentres que o 50 % restante corresponderá ás habilidades e destrezas demostradas nas actividades realizadas e na elaboración e presentación do plan de transformación dunha empresa clásica do sector no que se enmarca o título.
Para superar o módulo será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 (sobre 10), tanto na parte teórica (exames) como na práctica (actividades e fases do plan de empresa correspondentes a cada avaliación).
Os exames poderán incluír preguntas tipo test —nas que os erros penalizarán segundo o seguinte criterio: por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta—, así como preguntas curtas ou de desenvolvemento. En cada exame especificarase, de ser o caso, a ponderación de cada parte.
O alumnado que sexa sorprendido copiando durante un exame obterá automaticamente unha cualificación de 0, sen dereito á repetición da proba nesa convocatoria.
Valoraranse negativamente os erros ortográficos, a desorde ou descoido na presentación das tarefas, así como a entrega fóra de prazo.
É imprescindible a entrega completa e en prazo do plan de transformación dunha empresa para poder aprobar o

módulo.

Procedemento e criterios de recuperación

En cada avaliación realizarase, cando menos, unha proba teórica escrita e as actividades correspondentes ao plan de transformación dunha empresa do sector, relativas aos contidos impartidos nese trimestre.
O alumnado que non acade unha cualificación positiva (mínimo 5 puntos) en calquera das partes do módulo disporá dunha proba de recuperación por trimestre, que se poderá efectuar dentro do período lectivo da avaliación seguinte.
Ao rematar o curso realizarase unha proba final de recuperación, dirixida ao alumnado con partes suspensas do módulo, e requirirase a entrega completa do plan de transformación dunha empresa para verificar a adquisición das competencias básicas.
Tanto as probas como o plan de transformación cualificaranse de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter como mínimo un 5 en cada parte para considerar o módulo superado.
A cualificación máxima que se poderá acadar nas probas de recuperación será de 5 puntos, entendéndose que estas teñen un carácter de segunda oportunidade, co obxectivo de demostrar a adquisición das aprendizaxes mínimas necesarias para a avaliación positiva do módulo.

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No caso de alumnado de segundo curso que manteña o módulo pendente despois do mes de marzo, deberá realizar actividades de recuperación (primeira fase) durante o período comprendido entre a incorporación do alumnado de ciclos formativos á FCT e o remate das actividades lectivas. Estas actividades incluirán probas, exercicios e traballos sobre o plan de tranformación dunha empresa propostos pola profesora, quen realizará o seguimento do proceso nas horas establecidas no seu horario lectivo.
Así mesmo, a segunda fase será realizar unha proba final extraordinaria de coñecementos no mes de xuño —que poderá coincidir coa correspondente á avaliación ordinaria— e deberá entregar un plan de tranformación (dunha empresa clásica do sector no que se enmarca o título basada nunha EL e coa dixitalización dos seus procesos acada sendo unha empresa de EC, sostible), para determinar se o alumno ou alumna acadou os obxetivos para ser avaliado positivamente. A primeira fase do proceso de recuperación valorarase cun máximo de 2 puntos, e para obter a avaliación positiva do módulo será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos.
As probas, o seguimento e a avaliación do proceso de recuperación serán realizados pola profesora responsable do módulo.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado perderá o dereito á avaliación continua cando o número de faltas de asistencia sexa superior ao 10 % da carga total do módulo (36 sesións anuais no centro).
Nestes casos, o alumnado deberá superar unha proba escrita extraordinaria, que abranguerá todos os contidos impartidos ao longo do curso, e entregar o correspondente plan de transformación dunha empresa do sector.
A proba escrita manterá o mesmo formato e estrutura ca as probas realizadas durante o curso, podendo incluír preguntas tipo test, preguntas curtas e cuestións de desenvolvemento.
Para acadar a avaliación positiva, o alumno ou alumna deberá obter como mínimo 5 puntos (nunha escala de 0 a 10) tanto na proba escrita como no plan de transformación entregado.
O alumnado afectado será informado por escrito da perda do dereito á avaliación continua e das condicións da proba extraordinaria.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

No grupo pode existir alumnado con dificultades de aprendizaxe que precise un seguimento máis individualizado para acadar os obxectivos programados. Neste caso, aplicaranse medidas de reforzo educativo orientadas a apoiar o seu proceso de aprendizaxe e favorecer a adquisición das competencias básicas do módulo.
As medidas de reforzo incluirán, entre outras:

- Explicacións complementarias e exercicios de apoio nas unidades que presenten maior dificultade.
- Adaptación do ritmo e volume de traballo, ofrecendo máis tempo para a realización das tarefas e probas.
- Atención individualizada durante as sesións, co fin de resolver dúbidas e orientar o estudo.
- Actividades de reforzo e recuperación integradas na programación, para consolidar contidos non adquiridos.

Estas medidas aplicaranse ao longo de todo o curso, en coordinación co departamento de orientación e co equipo docente, garantindo que cada alumno ou alumna dispoña dos apoios necesarios para progresar segundo as súas posibilidades.

8.1. Programación da educación en valores.

Ao longo do curso promoveranse valores relacionados coa responsabilidade social e a dixitalización sostible dos procesos produtivos:

- Educación ambiental: análise da economía circular e o impacto ambiental das empresas, promovendo o uso responsable dos recursos e a innovación tecnolóxica.
- Ética dixital: tratamento responsable da información, privacidade, e uso ético das ferramentas dixitais.
- Igualdade de oportunidades: participación igualitaria e uso da dixitalización como ferramenta de inclusión.
- Tolerancia e convivencia: fomento do respecto e da colaboración a través do traballo en grupo.
- Consumo responsable: reflexión sobre o consumismo e aposta pola eficiencia e a economía sostible.

Estes valores integraranse na práctica da aula, especialmente mediante o plan de transformación dun salón de beleza á era dixital, o traballo cooperativo e as actividades de análise e debate.
.

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

O alumnado participará nas actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro, especialmente en seminarios, charlas e programas de fomento do emprendemento e da innovación, como Eduemprende ou outras iniciativas promovidas polas administracións educativas.
Así mesmo, fomentarase a colaboración con outros departamentos na realización de proxectos e actividades relacionadas coa dixitalización das empresas, a sustentabilidade e a mellora dos procesos produtivos, co obxectivo de conectar os contidos do módulo coa realidade profesional e co desenvolvemento das competencias clave.
Estas actividades contribuirán a enriquecer a formación do alumnado, reforzando valores como o traballo en equipo, a responsabilidade, o espírito emprendedor e a innovación tecnolóxica.

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Salientar a importancia da avaliación da práctica docente e da propia programación como ferramenta para comprobar se realmente acada a súa finalidade. Para iso, aplicaranse os seguintes criterios:

- Adecuación dos contidos recollidos na programación para conseguir as aprendizaxes e competencias propostas.
- Valoración mensual do seguemento da programación, comprobando se o impartido coincide co planificado, adoptando medidas correctoras cando sexa necesario e especificando as causas que as motiven. Este seguemento quedará reflectido no Libro de Actas do Departamento.
- Análise dos resultados académicos nas avaliacións parciais e finais, como indicador do grao de cumprimento dos

obxectivos de aprendizaxe.

- Cumprimento da temporalización, en relación cos contidos e os obxectivos establecidos para o módulo.
- Valoración do alumnado sobre os obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación do módulo mediante unha enquisa anónima e voluntaria, coa finalidade de recoller opinións que contribúan á mellora continua da práctica docente.

Ao rematar o curso académico, elaborarase a memoria final do módulo, na que se incluirán a porcentaxe de cumprimento da programación, as conclusións do proceso de avaliación e as propostas concretas de mellora para o seguinte curso escolar.

11.1. Outros apartados.

1. ENFOQUE TRANSVERSAL

Como docente de Dixitalización aplicada a procesos produtivos, impartirei a materia cun enfoque transversal, conectando puntualmente cos contidos doutras materias do ciclo. Deste xeito, o alumnado poderá comprender a aplicación práctica da dixitalización no seu sector profesional e relacionar o aprendido na aula coa súa futura contorna laboral, favorecendo unha visión integrada e realista dos procesos produtivos actuais.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000200 - Peiteado e cosmética capilar	CM

Módulo
MP0636 - Estética de mans e pés (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
4	107	50	128	128	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Rey Rodríguez, María

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 10

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 29

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 29

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 30

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 30

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 31

8.1. Programación da educación en valores. 31

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 32

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 32

11.1. Outros apartados. 32

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

Decreto 203/2013, do 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura. O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles an permitir conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.Os profesionais que obteñan este título exercerán a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Organización do espazo de traballo	dentificación, selección e medidas de hixiene, desinfección e esterilización das instalacións, equipos, materias e cosméticos	10	10
2	Estudo estético de mans e pés	Definición dos distintos procesos de manicura e pedicura e estudo da morfoloxía e alteracións de mans e pés, para desdeñar o protocolo afeitado ás necesidades e demandas da clientela, e que se recollerá na ficha técnica. Identificación de normas de comportamento e estéticas do profesiona	10	10
3	Preparación do espazos , aparellos e limpeza desinfección e esterilización.	Aplicación do protocolo desde a chegada do cliente ata a súa despedida ,preparación do material ,espazos ,cosméticos e aparellos	40	28
4	Técnicas de manicura e pedicura	Aplicación de técnicas de manicura e pedicura segundo os protocolos establecidos, e coas medidas de seguridade e hixienicas especificas	20	50
5	Decoración e maquillaxe de uñas	Clasificación dos productos de decoración e maquillaxe de auñas, aplicando diferentes deseños e técnicas	20	30

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Organización do espazo de traballo	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.1 - Defiríronse os procesos estéticos de manicura e pedicura.	PE	10
CA1.2 - Estudouse a morfoloxía dos pés e das mans.	OU: exposición dos osos con arcilla	10
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.		
CA2.1 - Identificáronse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos estéticos de manicura e pedicura.	PE	10
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.		
CA3.1 - Planificouse a acomodación e a protección da persoa usuaria atendendo a criterios de confortabilidade e seguridade.	PE	15
CA3.8 - Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.	PE	15
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.		
CA4.1 - Describíronse protocolos específicos de tratamentos para os pés, as mans e as uñas.	PE	10
CA4.2 - Planificáronse os equipamentos, os medios e os cosméticos empregados nos tratamentos e nas técnicas de manicura e pedicura.	PE	15
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.		
CA5.1 - Deseñáronse de forma gráfica diversas maquillaxes de uñas.	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
BC2 - Organización e preparación dos espazos, equipamentos, cosméticos e aparellos
Distribución de espazos. Ambiente. Importancia da luz. Sistema de renovación do aire.
BC3 - Execución de técnicas de manicura e pedicura
Recepción, acomodación e protección da persoa usuaria.
Manicura básica, conformación, cutícula, e limpeza do leito e da lámina.
Técnica de desmaquillaxe de uñas: lámina e dobramento periungueal.
BC4 - Tratamentos específicos de mans e pés

Contidos
Clasificación dos tratamentos estéticos de mans e pés.
BC5 - Decoración e maquillaxe de uñas
Técnica de puimento e maquillaxe de uñas.

UD	Título da UD	Duración
2	Estudo estético de mans e pés	10

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.2 - Estudouse a morfoloxía dos pés e das mans.	LC	15
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.		
CA2.2 - Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes do seu uso e despois.	LC	15
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.		
CA3.2 - Seleccionáronse os protocolos de actuación para a realización das técnicas estéticas de manicura e pedicura, aplicando medidas de seguridade e hixiene especificas.	LC	15
CA3.8 - Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.	LC	15
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.		
CA4.3 - Manexáronse os aparellos para os tratamentos específicos: efluvios, ventosas cepillos, pulverizadores, parafina, etc.	LC	10
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.		
CA5.2 - Clasificáronse os produtos de decoración e maquillaxe por textura e técnicas de aplicación.	LC	20
CA5.3 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe mixtas: aerógrafo e pincel.	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura

Contidos
Estudo estético das mans, os pés e as uñas.
BC2 - Organización e preparación dos espazos, equipamentos, cosméticos e aparellos
Distribución de espazos. Ambiente. Importancia da luz. Sistema de renovación do aire.
Equipamentos e cosméticos utilizados en manicura e pedicura.
Instrumentos de identificación das necesidades e demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de manicura e pedicura.
BC3 - Execución de técnicas de manicura e pedicura
Técnica de desmaquillaxe de uñas: lámina e dobramento periungueal.
BC4 - Tratamentos específicos de mans e pés
Equipamentos empregados en tratamentos de mans e pés (equipamentos de correntes de alta frecuencia para a aplicación de efluvios, ventosas, vibradores, cepillos e radiacións infravermellas): descrición, fundamento científico e criterios de selección.
BC5 - Decoración e maquillaxe de uñas
Clasificación dos esmaltes pola súa textura.

UD	Título da UD	Duración
3	Preparación do espazos ,aparellos e limpeza desinfección e esterilización.	28

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.5 - Rexistráronse na ficha técnica os protocolos, os datos persoais e a información de interese profesional.	TO	15
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.		
CA2.4 - Manexáronse con destreza os utensilios, os aparellos e os cosméticos.	TO	20
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.		
CA3.5 - Limáronse e puíronse as uñas segundo a súa morfoloxía.	TO	5
CA3.6 - Aplicáronse as técnicas de acondicionamento e/ou retirada de cutícula.	TO	15
CA3.8 - Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.	TO	15

Criterios de avaliación	IA	%
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.		
CA4.5 - Integráronse as técnicas, os aparellos e os cosméticos para realizar os tratamentos estéticos para mans e pés.	LC	15
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.		
CA5.6 - Realizáronse diversos tipos e deseños de maquillaxe de uñas: francesa, media lúa, picos, diagonal, floral, marmoreamento e fantasías.	LC	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
Arquivo e conservación da documentación.
BC2 - Organización e preparación dos espazos, equipamentos, cosméticos e aparellos
Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal.
Métodos de limpeza, desinfección e esterilización: clasificación.
Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de manicura e pedicura. Ergonomía e hixiene postural.
Manipulación, aplicación, conservación e mantemento dos cosméticos: efectos, indicacións e contraindicacións.
BC3 - Execución de técnicas de manicura e pedicura
Arranxo e forma. Técnica do corte de uñas de mans e pés. Técnica de limadura e puimento das uñas. Técnica de acondicionamento e retirada de cutículas. Técnicas específicas de manicura e pedicura masculina e feminina.
BC4 - Tratamentos específicos de mans e pés
Procedemento de aplicación de tratamentos.
BC5 - Decoración e maquillaxe de uñas
Técnicas de piercing en bordo libre da uña: preparación, perforación e acabamento (pechamento de garza e de rosca).
Técnicas de maquillaxe con esmalte: pincel, aerógrafo e punzón.

UD	Título da UD	Duración
4	Técnicas de manicura e pedicura	50

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.3 - Valoráronse as necesidades, as demandas e os gustos da persoa usuaria.	LC	10
CA1.4 - Deseñáronse os protocolos para realizar as técnicas estéticas de manicura e pedicura.	LC	10
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.		
CA2.3 - Seleccionáronse os equipamentos, os materiais e os cosméticos.	LC	20
RA3 - Aplica técnicas de manicura e pedicura seguindo as normas de seguridade e hixiene establecidas.		
CA3.3 - Aplicáronse técnicas de desmaquillaxe da lámina ungueal.	LC	10
CA3.4 - Realizáronse as técnicas de conformación de uñas: corte, arranxo e forma.	LC	10
CA3.8 - Aplicáronse as técnicas de masaxe, para o que se xustificou a súa secuencia, os seus efectos, as súas indicacións e as súas contraindicacións.	LC	10
RA4 - Elabora tratamentos estéticos específicos das mans, os pés e as uñas, integrando no proceso técnicas novas.		
CA4.4 - Utilizáronse os cosméticos específicos segundo os procedementos de uso e medidas hixiénico-sanitarias.	LC	10
RA5 - Realiza a decoración de uñas combinando técnicas e cosméticos.		
CA5.4 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe con esmaltes: mixtas, de pincel e punzón.	LC	10
CA5.5 - Aplicáronse técnicas de maquillaxe con produtos acrílicos.	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Determinación dos procesos estéticos de manicura e pedicura
Estudo estético das mans, os pés e as uñas.
Control de calidade na prestación do servizo. Recepción e atención á persoa usuaria. Imaxe do profesional como factor de calidade na prestación do servizo: coidados estéticos.
Clasificación dos servizos de manicura e pedicura. Deseño de protocolos.
BC2 - Organización e preparación dos espazos, equipamentos, cosméticos e aparellos
Equipamentos e cosméticos utilizados en manicura e pedicura.
Imaxe e profesionalidade: imaxe do persoal profesional como imaxe de empresa (vestimenta, calzado, hixiene corporal, peiteado e complementos).

Contidos
Instalacións: seguridade e hixiene; aplicación de métodos de hixiene e desinfección.
BC3 - Execución de técnicas de manicura e pedicura
Técnica de desmaquillaxe de uñas: lámina e dobramento periungueal.
Arranxo e forma. Técnica do corte de uñas de mans e pés. Técnica de limadura e puimento das uñas. Técnica de acondicionamento e retirada de cutículas. Técnicas específicas de manicura e pedicura masculina e feminina.
BC4 - Tratamentos específicos de mans e pés
Cosméticos específicos: criterios de selección e utilización.
BC5 - Decoración e maquillaxe de uñas
Técnicas de maquillaxe con acrílicos.
Técnica de fantasía: altorrelevo, baixorrelevo con punzón e pegado.

UD	Título da UD	Duración
5	Decoración e maquillaxe de uñas	30

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Determina o proceso de manicura e pedicura, observando a morfoloxía das mans e dos pés, e en relación coas demandas da persoa usuaria.		
CA1.6 - Coidáronse as medidas estéticas do profesional que realiza estás técnicas.	LC	10
RA2 - Identifica a área de traballo e prepara os espazos, os equipamentos, os cosméticos, os aparellos e o profesional para a realización dos procesos de manicura e pedicura.		
CA2.5 - Aplicáronse os métodos máis axeitados de mantemento, desinfección e esterilización da área de traballo para a estética das mans e dos pés.	LC	15
RA5 - Realiza recollidos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.		
CA5.1 - Realizouse a hixiene capilar e as operacións previas relacionadas co recollido.	LC	10
CA5.2 - Seleccionáronse as ferramentas, os cosméticos e os complementos.	LC	10
CA5.3 - Diferenciáronse as técnicas de execución dos diferentes trenzados.	TO	10
CA5.4 - Estableceuse o modo de realización de enrolados, argolas, retorcidos e bucles.	TO	10
CA5.5 - Establecéronse os parámetros de selección de postizos en función do estilo de recollido.	PE	10
CA5.6 - Adaptáronse postizos na execución dun recollido.	LC	10
CA5.7 - Xustificouse a combinación de técnicas para a elaboración do recollido.	TO	10
CA5.8 - Relacionáronse os métodos de suxeición do recollido coas ferramentas e os utensilios apropiados.	TO	20
CA5.9 - Xustificouse o emprego de elementos accesorios como factor potenciador do estilo.	LC	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Realización de recollidos do cabelo
Adecuación do espazo de traballo. Identificación de utensilios e ferramentas. Hixiene e mantemento.
Preparación do profesional: imaxe persoal.
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
Comunicación e técnicas para detectar as demandas e as necesidades da persoa usuaria.
Recepción e atención telefónica.
Acomodación e preparación da persoa usuaria.
Adornos e outros complementos: usos, mantemento e conservación.
Cosméticos: indicacións, uso, criterios de selección e mantemento.
Relación entre a análise morfolóxica facial e corporal, e os recollidos.
Morfoloxía do cabelo: tipos e formas do cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que repercutan no peiteado.
Tipos e formas de recollidos: clasificación e características.
Relación entre os estilos e as tendencias, e os tipos de recollidos.
Análise das fontes documentais.
Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria.
Elaboración de propostas de recollido.
Operacións previas. Preparación do cabelo: criterios de selección e elaboración.
Selección de ferramentas, produtos e complementos.
Técnicas básicas para a realización de recollidos: tipos, descrición, características e modo de realización. Trenzados, enrolados, cocas, etc
Bucles e argolas, retorcidos, cruzamentos, plumeamento, etc.
Combinación de técnicas para a elaboración do recollido. Elementos que inflúen na realización dun recollido. Pautas xerais para a preparación do recollido. Puntos de ancoraxe.
Postizos: tipos, protocolo de aplicación de postizos e a súa adaptación ao recollido. Selección de técnicas e execución de recollidos.
Adaptación de elementos accesorios: técnica de fixación ao recollido.
Accesorios: usos e criterios de selección.

UD	Título da UD	Duración
6	Técnicas de realización de recollidos e adaptación de próteses capilares.	50

Criterios de avaliación	IA	%
RA6 - Coloca perrucas, próteses capilares e extensións, interpretando as demandas e as necesidades da persoa usuaria.		
CA6.1 - Caracterizáronse os tipos de perrucas e próteses capilares, e os seus modos de adaptación.	LC	5
CA6.2 - Xustificouse a selección de perrucas en función das necesidades persoais e sociais da persoa usuaria.	LC	5
CA6.3 - Adaptáronse as perrucas correctamente.	LC	5
CA6.4 - Diferenciáronse os tipos de extensións segundo a súa técnica de fixación.	PE	5
CA6.5 - Fixáronse as extensións ao cabelo.	LC	20
CA6.6 - Retiráronse as extensións do cabelo.	PE	20
CA6.7 - Establecéronse os coidados de mantemento das próteses pilosas.	PE	10
RA7 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.		
CA7.1 - Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do peiteado e do recollido.	PE	5
CA7.2 - Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.	PE	5
CA7.3 - Identificáronse os utensilios para a súa conservación.	LC	5
CA7.4 - Identificáronse os factores que modifican a duración do peiteado.	LC	5
CA7.5 - Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.	LC	5
CA7.6 - Propuxéronse medidas para optimizar o mantemento do peiteado e o recollido.	LC	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Colocación de perrucas, próteses e extensións
Perrucas e próteses capilares: tipos, indicacións e criterios de selección en función das necesidades persoais e sociais. Adaptación cranial. Procedemento de colocación de perrucas e próteses.
Extensións: características e tipos segundo a técnica de fixación. Procedementos previos e colocación. Rastas, cordóns etc. Técnicas innovadoras en colocación de extensións. Técnicas de eliminación de extensión.
Xestión de residuos.

Contidos
BC7 - Determinación de pautas de mantemento de perrucas e próteses capilares e avaliación da calidade do servizo
Técnicas básicas de mantemento do peiteado: tipos e pautas.
Cosméticos para aumentar a duración do peiteado: criterios de selección e xeito de aplicación.
Utensilios empregados no mantemento do peiteado: características e xeito de emprego.
Factores que modifican a duración do peiteado.
Métodos para realizar a avaliación e o control da calidade dos procesos de cambio de forma temporal.
Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria.
Resolución de queixas e reclamacións.
Adornos: mantemento e conservación.
Técnicas básicas de mantemento de recollidos, perrucas e próteses. Coidados especiais en perrucas naturais. Cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Modo de aplicación.
Utensilios empregados no coidado e no mantemento de próteses capilares. Características e forma de emprego.
Factores que modifican a duración do recollido.
Adornos e outros complementos: uso, métodos de conservación e mantemento.
Métodos para realizar a avaliación e o control do calidade.

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades.

UD	Título da UD	Duración
1	Preparación e organización da zona de traballo	21

	Actividade	Descrición	Duración
1	Preparación e organización da zona de traballo	Características da area onde imos a desenvolver o proceso así como das ferramentas e os utensilios necesarios. Normas de mantemento seguridade e hixiene da area de traballo e material empregado. Criterios de selección do material a empregar incluidos os cosméticos, adornos e complementos	21

Criterios de avaliación

RA1 - Selecciona o tipo de peiteado, tendo en conta a relación entre as características do cabelo e a morfoloxía da persoa usuaria.

CA1.1 - Relacionáronse os tipos de óvalo e siluetas co peiteado adecuado.

CA1.2 - Relacionáronse os tipos de recollido coa análise morfolóxica e capilar.

CA1.3 - Diferenciáronse as características do cabelo e a súa relación co peiteado.

CA1.4 - Identificouse a repercusión doutros factores, como o tipo de corte, alteracións, estilos, etc., na selección do peiteado.

CA1.5 - Clasificáronse os peiteados segundo o tipo de evento e a circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo.

CA1.6 - Establecéronse as formas e as tendencias nos recollidos.

CA1.7 - Aplicáronse métodos para a determinación das tendencias en peiteados e recollidos, a través de fontes documentais.

CA1.8 - Identificáronse os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.

CA1.9 - Deseñáronse propostas para procesos de peiteado.

Contidos

BC1 - Selección do peiteado e análise morfolóxica da clientela

C1.1 - Relación da análise morfolóxica facial e corporal cos peiteados e os acabamentos.

C1.2 - Morfoloxía e estrutura do cabelo: tipos e formas de cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores que poden repercutir no peiteado.

C1.3 - Tipos de peiteado: clasificación e características.

C1.4 - Relación dos estilos e as tendencias cos tipos de peiteados.

C1.5 - Análise das fontes documentais.

C1.6 - Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria.

C1.7 - Elaboración de propostas de peiteados e acabamentos.

Obxectivos específicos

Aplicar as medidas de protección e seguridade do persoal profesional e da persoa usuaria

Seleccionar os moldes en función das características do cabelo e o resultado desexado

Seleccionar os cosméticos adecuados para o cambio de forma permanente.

Resultados ou produtos

Aplicar e coñecer os criterios de selección de utensilios, dos cosméticos, aplicando as medidas de protección e segurade durante os procesos

Recursos específicos

Aulas (común, taller e informática). Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

UD	Título da UD	Duración
2	Hixiene, acondicionamento e cosmética capilar	50

	Actividade	Descrición	Duración
1	Hixiene, acondicionamento e cosmética capilar	Requisitos do lavacabezas e da butaca. Posicións anatómicas da persoa usuaria e da profesional durante a hixiene capilar. Selección, pautas de manipulación e aplicación dos cosméticosde hixiene e acondicionamento en función das características do cabelo segundo o servizo a desenvolver.	50

Criterios de avaliación

RA2 - Prepara e organiza a zona de traballo para os peiteados e os acabamentos, caracterizando os medios necesarios e identificando as pautas para o seu mantemento.

CA2.1 - Seleccionáronse os aparellos xeradores de calor en función do proceso.

CA2.2 - Caracterizáronse os utensilios e as ferramentas empregados.

CA2.3 - Seleccionáronse os moldes en función do efecto desexado.

CA2.4 - Establecéronse as pautas de mantemento de aparellos, utensilios e accesorios.

CA2.5 - Xustificouse o uso de adornos e outros complementos.

CA2.6 - Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos.

CA2.7 - Seguíronse as pautas da limpeza dos utensilios despois do uso.

CA2.8 - Colocáronse os medios necesarios no toucador e na área de traballo.

Contidos

BC2 - Preparación da zona de traballo para a realización de peiteados e acabamentos

C2.1 - Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.

C2.2 - Técnicas de comunicación: aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal.

C2.3 - Recepción e atención telefónica.

C2.4 - Importancia do traballo en equipo.

C2.5 - Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de cambio de forma temporal.

C2.6 - Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección.

C2.7 - Medidas de protección do persoal profesional e da clientela. Ergonomía e hixiene postural.

C2.8 - Equipamentos térmicos: clasificación, características e mantemento.

C2.9 - Utensilios e ferramentas: tipos (moldes, elementos de suxeición e utensilios para realizar peiteados e cambios de forma temporais), características e mantemento.

C2.10 - Complementos para a realización de peiteados: tipos e características.

C2.11 - Materiais de protección

C2.12 - Cosméticos: indicacións, uso, criterios de selección e mantemento

C2.13 - Aplicación de técnicas de hixiene e desinfección de utensilios, moblaxe e aparellos.

C2.14 - Organización do lugar de traballo: distribución dos medios e dos materiais no toucador e no moble auxiliar de peiteado.

C2.15 - Imaxe profesional.

C2.16 - Aparellos, utensilios e accesorios: uso, criterios de selección e mantemento.

Obxectivos específicos

Identificar os requisitos do lavacabezas e da butaca. Xustificar as posicións anatómicas da persoa usuaria e da profesional durante a hixiene capilar. Seleccionar os cosméticos en función das características do cabelo. Realizar as manobras de masaxe para a limpeza do cabelo e do coiro cabeludo

Resultados ou produtos

Acomodar e preparar a persoa usuaria e o profesional (ergonomía e matelial de protección)
Realizar o proceso de lavado, acondicionamento e masaxe capilar tendo en conta todos os coñecementos adquiridos

Recursos específicos

Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das
casas comerciais e de perrucarías. Tablet. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

UD	Título da UD	Duración
3	O cabelo e a relación co peiteado	40

	Actividade	Descrición	Duración
1	o cabelo e a relación co peiteado	Relacionáronse os tipos de óvalo e siluetas co peiteado adecuado. Características do cabelo e a súa relación co peiteado. Repercusión doutros factores (tipo de corte, alteracións, estilos etc.), na selección do peiteado. Os peiteados segundo o tipo de evento e a circunstancia, o tipo de óvalo e a lonxitude do cabelo. Métodos para a determinación das tendencias en peiteados, a través de fontes documentais. Métodos de análise depersoas usuarias. Deseño de propostas para procesos de peiteado.	40

Criterios de avaliación

RA3 - Realiza a hixiene e o acondicionamento capilar, seleccionando os cosméticos en función do tipo de cabelo.

CA3.1 - Identificáronse os requisitos do lavacabezas e da butaca.

CA3.2 - Acomodouse a persoa usuaria no lavacabezas.

CA3.3 - Seguíronse as pautas de manipulación dos cosméticos.

CA3.4 - Xustificáronse as posicións ergonómicas da persoa usuaria e do/da profesional durante a hixiene capilar.

CA3.5 - Establecéronse as fases e as pautas de aplicación.

CA3.6 - Realizáronse as manobras de masaxe para a limpeza do cabelo e do coiro cabeludo.

CA3.7 - Seleccionáronse os cosméticos en función das características do cabelo.

CA3.8 - Especificouse o tipo de acondicionamento capilar en función do servizo posterior.

CA3.9 - Aplicáronse técnicas complementarias e sensoriais na hixiene capilar.

Contidos

BC3 - Realización da hixiene e o acondicionamento capilar

C3.1 - Organización do espazo de hixiene capilar. Características e compoñentes do lavacabezas e da butaca.

C3.2 - Acomodación e preparación da persoa usuaria. Criterios de selección de lenzaría.

C3.3 - Posicións anatómicas da persoa usuaria e o profesional na hixiene capilar.

C3.4 - Proceso de lavado capilar: operacións previas; criterios de selección de cosméticos de hixiene e acondicionamento capilar; bases da técnica de lavado (fases e pautas de aplicación).

C3.5 - Masaxe capilar no proceso de hixiene. Acondicionamento capilar.

C3.6 - Técnicas complementarias: descrición e pautas de aplicación

Obxectivos específicos Relacionar os tipos de óvalo e siluetas co peiteado adecuado. Diferenciar as características do cabelo e a súa relación co peiteado. Identificar os métodos de análise de necesidades e demandas das persoas usuarias.
Resultados ou produtos Clasificar distintos tipos de peiteado. Relacionar os estilos e as tendencias cos tipos de peiteados. Relacionar a análise morfolóxica facial e corporal cos peiteados e os acabamentos Coñecer a morfoloxía e estrutura do cabelo e a súa repercusión no peiteado
Recursos específicos Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das casas comerciais e de perrucarías. Tablet. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

UD	Título da UD	Duración
4	Peiteados e acabamentos do cabelo, técnicas e resultado final.	60

	Actividade	Descrición	Duración
1	Peiteados e acabamentos no cabelo, técnicas e resultado final	Operacións previas do cabelo en función do peiteado seleccionada. Características das técnicas de cambio de forma temporal. Parámetros dos aparellos xeradores de calor. Técnica de secado en función do tipo de peiteado. Procedemento de realización das argolas e das ondas á auga. Montaxes de rolos para efectuar unha marcaxe. Emprego de técnicas auxiliares e asociadas para realizar o peiteado. Secuencia de operacións do peiteado. Técnicas de acabamento co tipo de peiteado.	60

Criterios de avaliación

RA4 - Realiza peiteados e acabamentos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.

CA4.1 - Determináronse as operacións previas do cabelo en función do peiteado seleccionado.

CA4.2 - Establecéronse as características das técnicas de cambio de forma temporal.

CA4.3 - Seleccionáronse os parámetros dos aparellos xeradores de calor.

CA4.4 - Seleccionouse a técnica de secado en función do tipo de peiteado.

CA4.5 - Estableceuse o procedemento de realización das argolas e das ondas á auga.

CA4.6 - Aplicáronse montaxes de rolos para efectuar unha marcaxe.

CA4.7 - Xustificouse o emprego de técnicas auxiliares e asociadas para realizar o peiteado.

CA4.8 - Realizouse a secuencia de operacións do peiteado.

CA4.9 - Relacionáronse as técnicas de acabamento co tipo de peiteado.

Contidos

BC4 - Realización de peiteados e acabamentos do cabelo

C4.1 - Operacións previas. Cosméticos protectores e facilitadores do peiteado: criterios de selección e aplicación.

C4.2 - Técnicas de cambios de forma por calor: moldeados e alisamentos térmicos.

C4.3 - Criterios de selección de aparellos de secado e utensilios: características e procedemento.

C4.4 - Técnicas de cambios de forma por humidade e mediante moldes: características e procedemento.

C4.5 - Técnicas auxiliares e asociadas ao peiteado: tipos (cardado, batedura, puído, etc.) e procedemento.

C4.6 - Combinación de técnicas para a elaboración do peiteado. Elementos que inflúen na realización dun peiteado. Pautas xerais para a preparación do proceso do peiteado. Selección de técnicas e realización.

C4.7 - Técnicas de acabamento: características e procedemento.

Obxectivos específicos
Identificar os factores que modifican a duración do peiteado. Factores que modifican a duración do peiteado Establecer as técnicas básicas do mantemento do peiteado. Determinar os utensilios para a súa conservación
Resultados ou produtos
Aplicar cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Coñecer os utensilios empregados no mantemento do peiteado
Recursos específicos
Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das casas comerciais e de perrucarías. Tablet. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

UD	Título da UD	Duración
5	Técnicas e cosméticos de mantemento	60

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas e cosméticos de mantemento	Técnicas básicas do mantemento do peiteado. Cosméticos de mantemento necesarios. Utensilios para a súa conservación. Factores que modifican a duración do peiteado. Métodos de conservación e mantemento de adornos. Medidas para mellorar o mantemento do peiteado	60

Criterios de avaliación

RA5 - Realiza recollidos do cabelo, tendo en conta a relación entre as técnicas e o resultado final esperado.

CA5.1 - Realizouse a hixiene capilar e as operacións previas relacionadas co recollido.

CA5.2 - Seleccionáronse as ferramentas, os cosméticos e os complementos.

CA5.3 - Diferenciáronse as técnicas de execución dos diferentes trenzados.

CA5.4 - Estableceuse o modo de realización de enrolados, argolas, retorcidos e bucles.

CA5.5 - Estableceronse os parámetros de selección de postizos en función do estilo de recollido.

CA5.6 - Adaptáronse postizos na execución dun recollido.

CA5.7 - Xustificouse a combinación de técnicas para a elaboración do recollido.

CA5.8 - Relacionáronse os métodos de suxeición do recollido coas ferramentas e os utensilios apropiados.

CA5.9 - Xustificouse o emprego de elementos accesorios como factor potenciador do estilo.

Contidos

BC5 - Realización de recollidos do cabelo

C5.1 - Adecuación do espazo de traballo. Identificación de utensilios e ferramentas. Hixiene e mantemento.

C5.2 - Preparación do profesional: imaxe persoal.

C5.3 - Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.

C5.4 - Comunicación e técnicas para detectar as demandas e as necesidades da persoa usuaria.

C5.5 - Recepción e atención telefónica.

C5.6 - Acomodación e preparación da persoa usuaria.

C5.7 - Adornos e outros complementos: usos, mantemento e conservación.

C5.8 - Cosméticos: indicacións, uso, criterios de selección e mantemento.

C5.9 - Relación entre a análise morfolóxica facial e corporal, e os recollidos.

C5.10 - Morfoloxía do cabelo: tipos e formas do cabelo. Características relacionadas co peiteado. Outros factores

que repercutan no peiteado.

C5.11 - Tipos e formas de recollidos: clasificación e características.

C5.12 - Relación entre os estilos e as tendencias, e os tipos de recollidos.

C5.13 - Análise das fontes documentais.

C5.14 - Detección de demandas e necesidades da persoa usuaria.

C5.15 - Elaboración de propostas de recollido.

C5.16 - Operacións previas. Preparación do cabelo: criterios de selección e elaboración.

C5.17 - Selección de ferramentas, produtos e complementos.

C5.18 - Técnicas básicas para a realización de recollidos: tipos, descrición, características e modo de realización. Trenzados, enrolados, cocas, etc

C5.19 - Bucles e argolas, retorcidos, cruzamentos, plumeamento, etc.

C5.20 - Combinación de técnicas para a elaboración do recollido. Elementos que inflúen na realización dun recollido. Pautas xerais para a preparación do recollido. Puntos de ancoraxe.

C5.21 - Postizos: tipos, protocolo de aplicación de postizos e a súa adaptación ao recollido. Selección de técnicas e execución de recollidos.

C5.22 - Adaptación de elementos accesorios: técnica de fixación ao recollido.

C5.23 - Accesorios: usos e criterios de selección.

Obxectivos específicos

Identificar os factores que modifican a duración do peiteado. Seleccionar os cosméticos de mantemento necesarios.

Resultados ou produtos

Coñecer os factores que modifican a duración do peiteado Aplicar cosméticos para aumentar a duración do peiteado Coñecer os utensilios empregados no mantemento do peiteado

Recursos específicos

Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das
casas comerciais e de perrucarías. Tablet. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

UD	Título da UD	Duración
6	Técnicas de realización de recollidos e adaptación de próteses capilares.	50

	Actividade	Descrición	Duración
1	Técnicas de realización de recollicos e adaptación de prótesis capilares	Relación dos tipos de recollido coa análise morfolóxica e capilar. Características do cabelo e a súa relación co peiteado recollido que se pretenda realizar. Colocación de perrucas e próteses capilares. Tipos de extensións segundo a súa técnica de fixación. Fixación de extensións ao cabelo. Retirar as exte sións do cabelo. Eliminar de xeito selectivo os residuos dosprodutos de refugo xerados.	50

Criterios de avaliación

RA6 - Coloca perrucas, próteses capilares e extensións, interpretando as demandas e as necesidades da persoa usuaria.

CA6.1 - Caracterizáronse os tipos de perrucas e próteses capilares, e os seus modos de adaptación.

CA6.2 - Xustificouse a selección de perrucas en función das necesidades persoais e sociais da persoa usuaria.

CA6.3 - Adaptáronse as perrucas correctamente.

CA6.4 - Diferenciáronse os tipos de extensións segundo a súa técnica de fixación.

CA6.5 - Fixáronse as extensións ao cabelo.

CA6.6 - Retiráronse as extensións do cabelo.

CA6.7 - Establecéronse os coidados de mantemento das próteses pilosas.

RA7 - Determina as pautas de mantemento do recollido, perrucas e próteses capilares, e avalía a calidade do servizo.

CA7.1 - Establecéronse as técnicas básicas do mantemento do peiteado e do recollido.

CA7.2 - Seleccionáronse os cosméticos de mantemento necesarios.

CA7.3 - Identificáronse os utensilios para a súa conservación.

CA7.4 - Identificáronse os factores que modifican a duración do peiteado.

CA7.5 - Xustificáronse os métodos de conservación e mantemento de adornos.

CA7.6 - Propuxéronse medidas para optimizar o mantemento do peiteado e o recollido.

Contidos

BC6 - Colocación de perrucas, próteses e extensións

C6.1 - Perrucas e próteses capilares: tipos, indicacións e criterios de selección en función das necesidades persoais e sociais. Adaptación cranial. Procedemento de colocación de perrucas e próteses.

C6.2 - Extensións: características e tipos segundo a técnica de fixación. Procedementos previos e colocación. Rastas, cordóns etc. Técnicas innovadoras en colocación de extensións. Técnicas de eliminación de extensión.

C6.3 - Xestión de residuos.

BC7 - Determinación de pautas de mantemento de perrucas e próteses capilares e avaliación da calidade do servizo

C7.1 - Técnicas básicas de mantemento do peiteado: tipos e pautas.

C7.2 - Cosméticos para aumentar a duración do peiteado: criterios de selección e xeito de aplicación.

C7.3 - Utensilios empregados no mantemento do peiteado: características e xeito de emprego.

C7.4 - Factores que modifican a duración do peiteado.

C7.5 - Métodos para realizar a avaliación e o control da calidade dos procesos de cambio de forma temporal.

C7.6 - Avaliación do grao de satisfacción da persoa usuaria.

C7.7 - Resolución de queixas e reclamacións.

C7.8 - Adornos: mantemento e conservación.

C7.9 - Técnicas básicas de mantemento de recollidos, perrucas e próteses. Coidados especiais en perrucas naturais. Cosméticos para aumentar a duración do peiteado. Modo de aplicación.

C7.10 - Utensilios empregados no coidado e no mantemento de próteses capilares. Características e forma de emprego.

C7.11 - Factores que modifican a duración do recollido.

C7.12 - Adornos e outros complementos: uso, métodos de conservación e mantemento.

C7.13 - Métodos para realizar a avaliación e o control do calidade.

Obxectivos específicos

Relacionar os tipos de recollido coa análise morfolóxica e capilar. Diferenciar as características do cabelo e a súa relación co peiteado recollido que se pretenda realizar. Identificar a repercusión doutros factores, como o tipo de corte, alteracións, estilos etc., na selección do peiteado.

Resultados ou produtos

Relacionar a análise morfolóxica facial e corporal, e os recollidos. Coñecer a morfoloxía do cabelo

Recursos específicos

Aulas (común, taller e informática). Pendrive. Internet. Libros. Apuntes. Proxector. Ordenador. Láminas. Revistas. Dvd. Demostracións das
casas comerciais e de perrucarías. Tablet. Cosméticos, utiles y herramientas del taller

5.1. Procedemento de avaliación inicial.

Para que a aprendizaxe sexa realmente construtiva é imprescindible detectar as ideas previas acercados conceptos a estudar (avaliación inicial). Para iso, antes de iniciar cada bloque temático, realizarasealgunha actividade de detección destes preconceptos. Só despois de coñecer as carencias educativas dos alumnos, poderemos corrixilas, co propósito de modificar os esquemas mentais que sostiñan as teoríaserróneas iniciais. O mellor xeito de facelo, será provocar nos alumnos un conflito cognitivo, é dicir,expoñerlles algunha situación que evidencie a falsidade das súas hipóteses, para así crear a necesidade decambiar os conceptos antigos por outros máis adecuados

6.1. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	**20**	**20**	**20**	**20**	**10**	**10**	**100**
Lista de cotexo	50	25	50	40	40	55	**42**
Proba escrita	40	60	40	35	10	45	**40**
Táboa de observación	10	15	10	25	50	0	**17**

Procedemento e criterios de cualificación:

Compre sinalar que, dada a complementariedade de coñecementos que aportan as distintas Unidades Formativas que constitúen o módulo, o concepto de avaliación continua só será de aplicación dentro de cada unha das devanditas Unidades Formativas, polo que para obter una avaliación positiva na totalidade do módulo será imprescindible ter superadas todas e cada unha das Unidades Formativas por separado, con independencia da nota posta nas avaliacións parciais realizadas ao longo do curso.
Cando non sexa de aplicación este apartado o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado
Realizaranse probas específicas en cada avaliación, tendo en conta o indicado
Axustar avaliación, con respecto aos criterios de avaliación:
- Probas escritas para os criterios nos que así se especifica
- Probas prácticas: para os criterios onde se indica lista de cotexo, supostos prácticos e taboa de observación
- Traballos feitos na aula ou fóra do horario lectivo: esquemas, clasificacións, presentacións, exercicios, traballos prácticos da clase, etc.

O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente tódalas probas escritas e prácticas, e traballos para obtar a unha avaliación positiva
A proba teórica constará dun ou varios exámenes de preguntas curtas, de desarrollo ou tipo test..O alumnado realizara prácticas diariamente debidamente uniformado e cunha imaxe persoal axeitada.O profesor anotará as prácticas diarias, deste xeito terá en conta ademais da calidade dos distintos traballos, destrezas, coidado do material,limpeza, actitude,participación, interés polo traballo do alumnado e así poderá correxir erros.
Será necesario acadar a lo menos un 5 nas probas conceptuais e nas procedimentais para facer media e poder superar o módulo. As notas acadadas nas probas escritas e prácticas sendo imprescindible que para alcanzar a valoración positiva, ámbas partes deben alcanzar mínimo a nota de 5 sobre 10. Alcanzarase valoración positiva con nota igual a 5 ou superior. É preciso ter todas unidades aprobadas para aprobar o trimestre, de non ser así a nota máxima do trimestre será un 4
A CUALIFICACIÓN de cada avaliación será o resultado da suma das notas medias de:
PROBAS ESCRITAS 30%
PROBAS PRÁCTICAS 70%e que estarán recollidas no caderno do profesor.
PARA APROBAR O MÓDULO PRECÍSASE APROBAR AS DÚAS UNIDADES FORMATIVAS QUE O CONFORMAN

Procedemento e criterios de recuperación

Débese recalcar que, para o correcto desenvolvemento do módulo, faise imprescindible a asistencia continuada ás clases, xa que, o dominio das ferramentas, equipos, etc. así o require. Será condición indispensable para acceder ás actividades de recuperación non ter perdido o dereito á avaliación continua, segundo o expresado no apartado. A non asistencia a algunha das probas escritas suporá a necesidade de presentarse á proba de recuperación da avaliación. En ningún caso se realizará a repetición das probas escritas, salvo causa xustificada.

As recuperacións dos parciais faransen no seguinte trimestre e na terceira avaliación e antes da avaliación final. O feito de copiar un exáme supon a retirada de dito exáme e un cero de nota.
Procedemento para a recuperación das partes non superadas, agás no caso de térselle aplicado unha prohibición para a realización de prácticas, segundo o indicado no apartado Dereito á realización das prácticas na aula, sendo, entón, avaliado segundo o sinalado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.
Á realización destes traballos ou probas presupóñenselle a aplicación correcta dos contidos actitudinais. No caso contrario podería anularse dito traballo ou proba.
No caso de descubrir alumnado copiando (proba escrita) recibindo ou ter recibido axuda (proba práctica) non poderá finalizar a proba e será cualificado con un 0 Tendo dereito a realizar outra proba distinta, ese mesmo día, no tempo que resta de proba ou en días posteriores, según determine o docente.
As actividades de recuperación consistirán no resumo dos contidos teórico-prácticos desenvolvidos durante o curso
A CUALIFICACIÓN terá o resultado da suma das notas medias de:
PROBAS ESCRITAS 30%
PROBAS PRÁCTICAS 70%

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A avaliación da propia práctica docente constitúe unha estratexia crave para mellorar a calidade do proceso de Ensino-Aprendizaxe, ao identificar as carencias ou necesidades docentes para a súa solución. Nesta programación farase de forma reflexiva e continua: ao final de cada UD mediante un test de avaliación do ensino docente que o alumnado contesta de forma anónima, mediante o seguimento mensual da programación na plataforma dixital e na memoria do módulo
Para esta avaliación seguiranse os seguintes criterios:
1º Adecuación de obxectivos educativos ás características dos/ás alumnos/ás;
2º Validez da secuenciación, organización e temporización de obxectivos, contidos e criterios de avaliación;
3º Idoneidade e efectividade das decisións metodolóxicas: organización da aula, nivel de interacción do alumnado, clima comunicativo, recursos empregados;
4º Validez de estratexias de avaliación e promoción en relación cos criterios;
5º Pertinencia e adecuación das medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE);
6º Coordinación e relacións dos docentes.
Esta avaliación realízase cos seguintes instrumentos:Seguimento da programación na aplicación informática, memoria do módulo, caderno da profesora.

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación ás que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.
Presentarse a unha proba final que recolla todos os criterios de avaliación de cada unha das unidades. (Para superar o módulo necesitarase un mínimo 5 puntos sobre 10).
CONTIDO DA PROBA:
- Resolución de cuestións teóricas, que contarán un 30% da nota.
- Resolución de traballos prácticos do módulo que contarán un 70% da nota, no que se realizará a selección, preparación e manipulación axeitada dos espazos, útiles, cosméticos e modelos para realizar o traballo práctico en condicións de seguridade e hixiene idónea
Será necesario acadar a lo menos un 5 nas probas conceptuais e nas procedimentais para facer media e poder superar o módulo. As notas acadadas nas probas escritas e prácticas sendo imprescindible que para alcanzar a valoración positiva, ámbas partes deben alcanzar mínimo a nota de 5 sobre 10. Alcanzarase valoración positiva con nota igual a 5 ou superior.

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

No que respecta ás medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados pódense dar dúas situacións posibles: alumnado que teña, por razóns persoais, necesidades educativas especiais e alumnado que no desenvolvemento do curso necesite un apoio adicional.
Para o caso do alumnado que teña necesidades educativas especiais e tal como indica o Artigo 61 do Decreto 114, do 1 de Xullo, respectarase o establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de Maio, polo que cada caso será analizado particularmente, establecendo as flexibilizacións e apoios oportunos para garantir que se cumpren os mínimos fixados no apartado.

8.1. Programación da educación en valores.

A educación en valores, aínda que pareza allea aos obxectivos do módulo está íntimamente ligada aos mesmos, en tanto que contribúe a formación no amplo concepto da mesma, permitindo por exemplo avaliar o comportamento do/a alumno/a no contorno produtivo.
Con esta idea, fixáronse valores e os seus correspondentes Criterios de Avaliación (CA):
-Puntualidade no inicio e remate das tarefas.
-Asistiuse con puntualidade ás clases.
-Cumpríronse os tempos fixados para a realización das tarefas encomendadas.
-Orde e limpeza no manexo e elaboración da documentación.
-Rigor no manexo da documentación.
-Interpretáronse instrucións dos útiles/materiais, productos, técnicas¿
-Orde e método de traballo.
-Mantívose o contorno de traballo ordenado, limpo e seguro.
-Traballo en equipo.
-Mantívose unha actitude de respecto cos compañeiros e profesores.
-Calidade do traballo.
-Alcanzouse ou superouse a calidade esixida no traballo.
-Seguridade e hixieneno traballo.
-Extremáronse as precaucións con respecto ás persoas e aos equipos.
-Procurouse non desperdiciar materiais.
-Coidouse a reciclaxe.
O incumprimento de calquera destes Criterios de Avaliación impedirá obter unha avaliación positiva das Unidades Formativas e/ou do módulo.
Así mesmo, o incumprimento de algún deles poderá significar a prohibición de realizar as prácticas no aula cando por razóns de seguridade, de prexuízo ao grupo ou por impuntualidade supoñan un risco ou unha diminución da avaliación obxectiva das mesmas. Neste caso o/a alumno/a será avaliado segundo o indicado no apartado Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua. Estas situación quedarán reflectidas na ficha do alumno.
Aproveitando as características da módulo e do alumnado potenciaremos (referencias transversais) a Educación Medioambiental (reciclaxe produtos, aforro auga e luz) e a Educación para a Igualdade de sexos e non discriminación da muller (tanto alumnos e alumnas poden elaborar o mesmo traballo conseguindo os mesmos resultados). Artigos. 9 e 10 da lei 7/2004 de igualdade de mulleres e homes.
A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión proporanse os seguintes obxectivos:
-Respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
-Non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
-Trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

9.1. Actividades complementarias e extraescolares.

Promoverase e facilitarase a participación activa do alumnado en todas aquelas actividades propostas dende o Departamento ou o Centro que teñan que ver co currículo do Ciclo, especialmente naquelas que traten aspectos directamente relacionados co módulo.
Agás casos excepcionais, desenvolvidos no propio Centro no horario lectivo do módulo e que poidan substituír ás explicacións do profesor nalgunha Unidade Didáctica, estas actividades non terán carácter obrigatorio nin serán avaliables. De selo, informarase ao alumnado previamente coa finalidade de que tomen as anotacións oportunas.
-Cursos no IES con empresas do sector
-Asistencia a Congresos, Atteliers, Demostracións, tanto nas casas comerciais como no propio I.E.S.
-Desfiles.
Neste curso engádense as seguintes actividades:
-Demostracións das casas comerciais (datas por confirmar)
-Vistita a balnearios, laboratorios de cosmética, centros de beleza¿.
-Halloween
-Nadal
-Entroido
-Protección solar
-Continuar cos traballos iniciados o curso pasado de portadas de dvd, cd e libros¿
-Establecer una serie de conferencias alternas ou agrupadas entre o profesorado do IES e o alumnado. Nun principio do Ciclo
-Potenciar a lectura no Ciclo.
-Potenciar o compromiso (cada mes os asinantes comprométense a, por exemplo, a non tirar comida¿)
-Respecto de ¿posturas opostas¿ a falar de determinados temas, por exemplo, openarms e alguén da UE

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

A avaliación da propia práctica docente constitúe unha estratexia crave para mellorar a calidade do proceso de Ensino-Aprendizaxe, ao identificar as carencias ou necesidades docentes para a súa solución. Nesta programación farase de forma reflexiva e continua: ao final de cada UD mediante un test de avaliación do ensino docente que o alumnado contesta de forma anónima, mediante o seguimento mensual da programación na plataforma dixital e na memoria do módulo Peiteados e recolidos
Para esta avaliación seguiranse os seguintes criterios:
1º Adecuación de obxectivos educativos ás características dos/ás alumnos/ás;
2º Validez da secuenciación, organización e temporización de obxectivos, contidos e criterios de avaliación;
3º Idoneidade e efectividade das decisións metodolóxicas: organización da aula, nivel de interacción do alumnado, clima comunicativo, recursos empregados;
4º Validez de estratexias de avaliación e promoción en relación cos criterios;
5º Pertinencia e adecuación das medidas de atención á diversidade para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE);
6º Coordinación e relacións dos docentes.
Esta avaliación realízase cos seguintes instrumentos: Seguimento da programación na aplicación informática, memoria do módulo, caderno da profesora, test de avaliación, retroalimentación durante e despois de explicacións e rúbrica que o alumnado contesta de forma anónima antes de finalizar cada un dos trimestres do curso académico.

11.1. Outros apartados.

1. NORMAS PARA Á REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS NA AULA

Por mor do emprego na realización das prácticas na aula de materiais/produtos que poden supor un serio risco para as persoas e/ou as cousas no caso de ser empregados de xeito incorrecto e sen tomar as debidas precaucións ou carecer dos coñecementos apropiados, compre sinalar que se poderá prohibir a realización de determinadas prácticas a aqueles alumnos que:
-Incumpran algún dos criterios sinalados no apartado
-Causen danos de xeito intencionado, non teñan asistido ás explicacións referentes ao uso do material/técnicas da práctica.
-Non respecten ás indicacións dadas polo profesor.
Aplicaráse a prohibición de realizar as prácticas no aula o/a alumno/a afectado será avaliado segundo avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua.

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Docente

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	IES 12 de Outubro	Ourense	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao
Graos D: Ciclos formativos	D2IMP000200 - Peiteado e cosmética capilar	CM

Módulo
MP1708 - Sostibilidade aplicada ao sistema produtivo (1º)

Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A

Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
1	30	50	36	36	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes
Negro Taboada, Diego

Contido **Páxina**

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo. 3

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas 3

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas. 3

3.2. Deseño das unidades didácticas: asignación de elementos curriculares ás actividades. 9

5.1. Procedemento de avaliación inicial. 22

6.1. Criterios de cualificación e recuperación 23

6.2. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes 24

6.3. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua 24

7.1. Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. 24

8.1. Programación da educación en valores. 25

9.1. Actividades complementarias e extraescolares. 25

10.1. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente. 26

11.1. Outros apartados. 26

1.1. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

No Real Decreto 659/2023, do18 de jullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, no ANEXO VIII, establece o
Currículo básico do módulo profesional de Sustentabilidade aplicada ó sistema produtivo.
Segundo a disposición quinta da resolución do 10 de xullo de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025/26, os contidos dos módulos profesionais son os que figuran nesta programación.
Traballaranse contidos tales como: concepto de sustentabilidade, Axenda 2030, Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, cambio climático, xestión de residuos, economía circular entre outros.
Terá como finalidade o desenvolvemento do coñecemento e competencias básicas en economía verde, sustentabilidade e impacto ambiental da imaxe persoal, así como as condicións na que as exixencias da transición ecológica modifican os procesos produtivos do sector.

2.1. Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Aspectos ambientais, sociais e de gobernanza no entorno actual.	Identificáronse os aspectos ASG asociados á sustentabilidade.	15	6
2	Retos ambientais e sociais.	Caracterizáronse os retos ambientais e sociais.	15	6
3	Obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Identificáronse os ODSs da axenda 2030 e caracterízanse os máis relevantes da imaxe persoal.	32	12
4	Economía circular.	Identificáronse os principios da economía verde e circular.	8	4
5	Actividades sustentables no sistema productivo actual.	Propóñense modelos de produción e servizos responsables.	16	6
6	Plan de sustentabilidade.	Analizarase un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector.	14	2

2.2. Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Aspectos ambientais, sociais e de gobernanza no entorno actual.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade, tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución		
CA1.1 - Describiuse o concepto de sostibilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sostible	PE	15
CA1.2 - Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sostible das organizacións empresariais	PE	15

Criterios de avaliación	IA	%
CA1.3 - Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento sostible (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030	PE	20
CA1.4 - Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización	PE	15
CA1.5 - Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sostibilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento	PE	20
CA1.6 - Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores	PE	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - Identificación dos aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentes no desenvolvemento sustentable das organizacións.
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.
Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.

UD	Título da UD	Duración
2	Retos ambientais e sociais.	6

Criterios de avaliación	IA	%
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais aos que se enfronta a sociedade, describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar		
CA2.1 - Identificáronse os principais retos ambientais e sociais	PE	15
CA2.2 - Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica	PE	15
CA2.3 - Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos	PE	20

Criterios de avaliación	IA	%
CA2.4 - Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais	PE	20
CA2.5 - Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento sostible	PE	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Caracterización dos retos ambientais e sociais no desenvolvemento sustentable
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.

UD	Título da UD	Duración
3	Obxectivos de desenvolvemento sustentable.	12

Criterios de avaliación	IA	%
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade no desempeño profesional e persoal, identificando os elementos necesarios		
CA3.1 - Identificáronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan	OU: Traballo de investigación relacionado cos CA correspondente.	50
